

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36006407	CEIP Plurilingüe Froebel	Pontevedra	2022/2023

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Ciencias da Natureza	1º Pri.	3	105

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	8
4.2. Materiais e recursos didácticos	9
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	9
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	9
6. Medidas de atención á diversidade	11
7.1. Concreción dos elementos transversais	11
7.2. Actividades complementarias	11
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	12
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	12
9. Outros apartados	12

1. Introducción

Esta programación didáctica está pensada para ser levada a cabo dende a área de ciencias da natureza nun centro público de educación infantil e primaria, situado na área urbana de Pontevedra. Este centro é de liña un en educación infantil, primeiro, segundo e cuarto de educación primaria. Por outra banda, é de liña dous nos restantes cursos: terceiro, quinto e sexto de primaria.

O alumnado para o cal se elabora a presente programación atópase no primeiro curso da etapa de educación primaria. Todos eles son nados no ano 2016, polo que contan a maioría con 6 anos de idade. O grupo está conformado por un total de 25 nenos e nenas, en concreto, 12 nenas e 13 nenos.

O centro non conta con laboratorio. Na aula do grupo hai unha mesa que, situada na parte central, se empregará como lugar de realización de todo o traballo experimental. Asemesmo, se conta co material preciso para levar a cabo toda a parte da programación que implica a realización de experimentos.

Nesta materia se traballarán de forma transversal os diferentes contidos que figuran no presente currículo, co obxectivo de que o alumnado adquira conceptos, destrezas e actitudes relacionadas co coñecemento e a organización dos seres vivos e a materia. Todo isto, tendo en todo momento en conta cuestións como o fomento de hábitos saudables e o respecto e o coidado da natureza, dos animais e das plantas.

Para o desenvolvemento destas competencias, levaranse a cabo un total de 4 unidades didácticas que conforman esta programación. A primeira delas está pensada para ser levada a cabo no primeiro trimestre; a segunda e a terceira no segundo trimestre, e a cuarta unidade no terceiro trimestre.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Expor e dar resposta a cuestións científicas sinxelas, utilizando diferentes técnicas, instrumentos e modelos propios do pensamento científico, para interpretar e explicar feitos e fenómenos que ocorren no medio natural.	1-2-3		2-4	1-2		4		
OBX2 - Coñecer e tomar conciencia do propio corpo, así como das emocións e sentimentos propios e alleos, aplicando o coñecemento científico, para desenvolver hábitos saudables e para conseguir o benestar físico, emocional e social.			5		1-2-3	3		
OBX3 - Identificar as características dos diferentes elementos ou sistemas do medio natural, analizando a súa organización e propiedades, e establecendo relacións entre estes, para recoñecer o seu valor, conservalo, melloralo e emprender accións para o seu uso responsable.			1-2-4-5	1		4	1	1

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX4 - Identificar as causas e consecuencias da intervención humana na contorna, para mellorar a capacidade de afrontar problemas, buscar solucións e actuar de maneira individual e cooperativa na súa resolución, e para poñer en práctica estilos de vida sustentables e consecuentes co respecto, o coidado e a protección das persoas e do planeta.	5		2-5		4	1-3-4	1	
OBX5 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura, responsable e eficiente, para buscar información, comunicarse e traballar de maneira individual, en equipo e en rede, e para reelaborar e crear contido dixital de acordo coas necesidades dixitais do contexto educativo.	3		4	1-2-3-4-5				4
OBX6 - Resolver problemas a través de proxectos de deseño e da aplicación do pensamento computacional, para xerar cooperativamente un produto creativo e innovador que responda a necesidades concretas.			3-4	5	3-4-5		1-3	4

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	O noso corpo	Nesta primeira unidade, o alumnado coñecerá o corpo humano, centrándose nas súas partes principais, (cabeza, tronco e extremidades); articulacións e órganos. Tamén se traballará os sentidos. Por último, se incidirá no coidado do corpo mediante a explicación de hábitos saudables.	25	35	X		
2	Os nosos amigos os animais	Nesta unidade, o alumnado estudará os animais, tendo en conta as principais diferenzas entre os seres vivos e os seres inertes. Ademais, sempre se resaltará a importancia da concienciación do coidado dos animais.	25	20		X	
3	O reino das plantas	Nesta unidade, o alumnado aprenderá as partes principais das plantas. Coñecerá algunhas delas, así como as súas características. Asemesmo, se profundizará na importancia do coidado das plantas.	25	15		X	
4	De que están feitas as cousas?	Nesta unidade, se descubrirán os materiais dos que están feitas as cousas, analizando as diferenzas na súa procedencia e características. Se traballará de maneira especial a reciclaxe, tendo en conta a separación de lixo segundo o tipo do material do que se trate.	25	35			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	O noso corpo	35

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Comunicar de forma oral ou gráfica o resultado das investigacións con axuda dun guión, comparando a información e resultados obtidos coas predicións realizadas.	Comunicar oralmente algunha conclusión tras a realización de experimentos.	TI	100
CA2.4 - Recoñecer hábitos de vida saudables, valorando a importancia dunha alimentación variada, equilibrada e sustentable, a hixiene, o exercicio físico, o contacto coa natureza, o descanso e o uso adecuado das tecnoloxías.	Mencionar algún hábito saudable para o corpo humano.		
CA2.5 - Coñecer as principais partes do corpo, identificando os órganos implicados na realización das funcións vitais.	Diferenciar entre cabeza, tronco e extremidades. Coñecer o nome dos órganos principais do corpo.		
CA2.6 - Distinguir accións que favorezan o benestar emocional e social recoñecendo as emocións propias e as dos demais e identificando as relacións familiares e escolares ás que pertence.	Recoñecer as emocións básicas que experimenta o ser humano.		
CA4.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura.	Empregar recursos dixitais para a obtención de información necesaria.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Elaboración guiada de textos básicos, murais, paneis, esquemas ou presentacións para recoller conclusións. - Hábitos saudables relacionados co benestar físico do ser humano: hixiene, alimentación variada, equilibrada e sustentable, exercicio físico, contacto coa natureza, descanso e coidado do corpo como medio para previr posibles enfermidades. - Identificación e descrición das partes do corpo humano. - Coñecemento e experimentación cos órganos dos sentidos para relacionarse coa súa contorna. - Hábitos saudables relacionados co benestar emocional e social: identificación e verbalización das propias emocións e respecto polas dos demais. - Dixitalización da contorna persoal de aprendizaxe:

UD	Título da UD	Duración
2	Os nosos amigos os animais	20

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Buscar información sinxela de diferentes fontes seguras e fiables de forma guiada, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural.	Expoñer as características do animal escollido para a presentación.	TI	100
CA2.1 - Recoñecer as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural a través de metodoloxías de indagación, utilizando as ferramentas e procesos adecuados de forma pautada.	Recoñecer aos animais como seres vivos que conforman o noso planeta, as súas funcións vitais e e as súas diferenzas cos obxectos inertes.		
CA2.3 - Mostrar actitudes de respecto para o gozo da natureza, recoñecéndoa como un ben común.	Recoñecer a importancia e a súa responsabilidade na mellora do benestar animal.		
CA4.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura.	Coñecer as fontes para a procura de información necesaria.		
CA4.2 - Realizar, de forma guiada, un produto final sinxelo que dea solución a un problema de deseño, probando en equipo diferentes prototipos e utilizando de forma segura os materiais adecuados.	Crear un produto final axeitado sobre o animal escollido.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Fomento da curiosidade e da iniciativa na realización das diferentes investigacións a través da observación e formulación de hipótese. - Iniciación ás técnicas de indagación, de maneira individual ou en equipo, adecuadas ás necesidades da investigación. - Necesidades básicas dos seres vivos e a diferenza cos obxectos inertes. - Observación e identificación de animais e plantas da súa contorna a partir das súas características observables. - As relacións entre os seres humanos, os animais e as plantas. - Coidado e respecto cara aos seres vivos e a contorna no que viven. - Dixitalización da contorna persoal de aprendizaxe: - Identificación de dispositivos e recursos da contorna dixital de aprendizaxe segundo o contexto educativo. - Coñecemento dos compoñentes básicos dun computador.

UD	Título da UD	Duración
3	O reino das plantas	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Formular preguntas e realizar predicións sobre obxectos, feitos e fenómenos próximos a través da observación.	Formular hipóteses sobre o que podería acontecer en relación á realidade observable.	TI	100
CA2.1 - Recoñecer as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural a través de metodoloxías de indagación, utilizando as ferramentas e procesos adecuados de forma pautada.	Nombrar as partes principais da planta.		
CA2.2 - Recoñecer conexións sinxelas e directas entre diferentes elementos do medio natural por medio da observación, a manipulación e a experimentación.	Recoñecer as plantas como seres vivos.		
CA2.3 - Mostrar actitudes de respecto para o gozo da natureza, recoñecéndoa como un ben común.	Saber que as plantas precisan de coidados.		
CA4.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura.	Coñecer a existencia de fontes dixitais para a procura de información.		
CA4.4 - Traballar de forma cooperativa respectando as normas básicas de convivencia.	Traballar de xeito respetuoso e aportando as súas ideas no traballo cooperativo.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Iniciación ao coñecemento científico presente na vida cotiá tendo en conta a importancia do coidado do planeta. - Realización de experimentos sinxelos utilizando o método científico de forma guiada. - Uso de instrumentos para realizar observacións e medicións sinxelas rexistrando os datos obtidos. - Observación e identificación de animais e plantas da súa contorna a partir das súas características observables. - As relacións entre os seres humanos, os animais e as plantas. - Coidado e respecto cara aos seres vivos e a contorna no que viven. - Dixitalización da contorna persoal de aprendizaxe: - Recursos dixitais para comunicarse con persoas coñecidas en contornas coñecidas e seguros.

UD	Título da UD	Duración
4	De que están feitas as cousas?	35

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Participar en experimentos guiados, de maneira individual ou en equipo, utilizando diferentes técnicas de indagación, empregando instrumentos de forma segura e rexistrando datos de maneira sinxela.	Recoller datos nunha táboa sobre clasificación de materiais.	TI	100
CA3.1 - Recoñecer as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural a través de metodoloxías de indagación e utilizando as ferramentas e procesos adecuados de forma pautada.	Recoñecer que hai diferentes tipos de materiais.		
CA3.2 - Analizar o efecto das forzas sobre determinados obxectos de uso común realizando experiencias sinxelas con máquinas e aparellos.	Identificar algunha propiedade que se pode observar nos materiais: cor, dureza, cheiro, sabor ou textura.		
CA3.3 - Mostrar hábitos de vida sustentable e tomar conciencia da importancia do respecto, dos coidados e da protección do planeta, identificando a relación da vida das persoas coas súas accións sobre os elementos e recursos do medio.	Reciclar o lixo da aula tentado votalo no lugar adecuado.		
CA4.3 - Participar na resolución guiada de problemas sinxelos de programación utilizando o pensamento computacional.	Ser quen de colocar correctamente materiais representados no seu contenedor de lixo correspondente.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións. - Tipos de materiais segundo a súa orixe. - Propiedades observables dos materiais (cor, dureza, cheiro, sabor e textura) e o seu uso en obxectos da vida cotiá. - Cambios observables na materia a través da súa experimentación. - Observación e identificación de máquinas e aparellos na súa vida cotiá. - Uso responsable dos materiais: reducir, reutilizar e reciclar. - Proxectos de deseño e pensamento computacional: <ul style="list-style-type: none"> - Identificación e manipulación de materiais, ferramentas e obxectos adecuados para a montaxe dun proxecto sinxelo relacionado coa vida cotiá. - Iniciación á programación adaptándose ao nivel de comprensión e á súa manipulación (plataformas dixitais de iniciación á programación, robótica educativa). - Estratexias básicas de traballo en equipo.

4.1. Concrecións metodolóxicas

No tocante ao aspecto metodolóxico, a presente Programación Didáctica, remítese en primeira instancia as liñas de actuación reflectidas no currículo, as cales se levarán a cabo ao longo do curso. As diferentes unidades didácticas permitirán, no seu conxunto, o traballo da totalidade dos contidos do currículo, así como dos elementos transversais.

A aprendizaxe é significativa, posto que o alumando o constrúe os seus coñecementos a través da presentación dos

contidos en forma de estímulos. Estes estímulos, os contidos, parten sempre da realidade do alumnado, estando relacionados con cuestións que poden observar na súa vida cotiá.

A aprendizaxe desta materia conleva un tipo de aprendizaxe de rango experimental e a posta en práctica dunha actitude proactiva. Nalgunhas ocasións, poñerase en práctica a aprendizaxe cooperativa, que conleva a resolución de problemas de maneira grupal, aportando cada un dos membros diferentes ideas.

Asemesmo, o centro enfócase no presente curso escolar na promoción de hábitos de vida saudable, polo que os contidos que forman parte desta materia adquirirán un carácter absolutamente transversal.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Encerado dixital
Ordenador da aula
Libros da biblioteca do centro relacionados coa diferentes temáticas da materia
Fichas
Materiais de investigación
Estoxo e materiais para escribir e colorear
Tesoiras e pegamento
Cartulina

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial lévase a cabo durante as primeiras semanas do curso. Durante este periodo, se realizan probas para comprobar cal é o nivel do que parte o alumnado en canto á competencia lingüística e matemática. Asemesmo, tamén é unha avaliación de carácter observacional, a cal permite comprobar o grao de desenvolvemento na execución do alumnado en cuestións que implican estas competencias.

Unha vez obtidas as conclusións, a información recollida se traslada a unha reunión de avaliación inicial, para poñer en coñecemento do Departamento de Orientación a posible existencia de dificultades e a necesidade de ofrecer a algúns alumnos ou alumnas unha atención máis individualizada.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	25	25	25	25	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100	100

Criterios de cualificación:

Á hora de establecer os criterios de cualificación da materia, debemos ter en conta os instrumentos de avaliación marcados nesta programación, as táboas de indicadores, que permiten valorar diferentes cuestións.

Non se realizarán exames formais como tal, pero se terá en conta é a realización do traballo diario, combinado con tarefas realizadas cada certo tempo que permitirán coñecer o progreso do alumnado. As táboas de indicadores son rúbricas cunha porcentaxe marcada para cada criterio de avaliación en cada unidade. A través destas táboas, avaliaranse os criterios de avaliación que se indican, así como o respecto polos compañeiros, a capacidade de seguir uns pasos ou unhas instrucións e o grao de responsabilidade na execución dos pequenos proxectos.

Para o cálculo da nota de cada avaliación terase en conta a seguinte fórmula:

- Nota primeira avaliación: Nota UD1
- Nota segunda avaliación: Nota UD2 + Nota UD 3 / 2
- Nota terceira avaliación: Nota UD4

Para o cálculo da nota de final de curso, se fará a media aritmética das notas das tres avaliacións.

Para o cálculo da nota de cada unidade, utilizaranse as seguintes porcentaxes:

UNIDADE 1: Exercicios orais/ escritos da aula deseñados para avaliar cuestións específicas da unidade: 70%.
Realización /
Exposición de pequenos proxectos: 30%

UNIDADE 2: Exercicios orais/ escritos da aula deseñados para avaliar cuestións específicas da unidade: 70%.
Realización /
Exposición de pequenos proxectos: 30%

UNIDADE 3: Exercicios orais/ escritos da aula deseñados para avaliar cuestións específicas da unidade: 70%.
Realización /
Exposición de pequenos proxectos: 30%

UNIDADE 4: Exercicios orais/ escritos da aula deseñados para avaliar cuestións específicas da unidade: 70%.
Realización /
Exposición de pequenos proxectos: 30%

Criterios de recuperación:

Aquel alumnado que obteña unha valoración negativa nun trimestre deberá recuperar a materia atendendo aos criterios de recuperación que se desenvolven a continuación. Deberá realizar unha serie de tarefas que versarán sobre os contidos traballados que serán entregadas e avaliadas polo profesorado, as cales terán un peso do 100% da cualificación final.

6. Medidas de atención á diversidade

A realidade existente na aula é diversa, e por esta razón, cómpre ter en conta as diferentes casuísticas da clase. Neste sentido, se terán en conta as conclusións obtidas tras a realización da avaliación inicial, pero tamén todas aquelas observacións que xurdan no día a día da clase.

A aula contará con apoio de dispoñibilidade horaria que se focalizará naquel alumnado que presente máis dificultades para rematar as tarefas ou que presente un menor grao de autonomía. Asemesmo, dende o Departamento de Orientación, de darse o caso de que na aula existisen necesidades específicas de apoio educativo, se ofrecerán as orientación e apoios necesarios.

Na aula de 1º A planifícanse rincóns con xogos manipulativos de reforzo e ampliación para todos aqueles e aquelas que rematen o traballo marcado en cada sesión. Por outra banda, se ofrecerán tamén materiais escritos de ampliación para todo este alumnado.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X	X
ET.5 - Fomento da creatividade, espírito científico e emprendemento	X	X	X	X
ET.6 - Igualdade entre homes e mulleres		X		X
ET.7 - Educación para a paz e prevención e resolución pacífica de conflitos	X			
ET.8 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible				X
ET.9 - Educación para a saúde	X			

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición
Visita a algún museo científico	O alumnado comprobará in situ como é a labor dos científicos

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Utilidade da programación tendo en conta o grao real de cumprimento
Grao de coherencia entre obxectivos e contidos
Adecuación das actividades programadas
Utilidade dos recursos destinados a esta materia
Papel do docente

Descrición:

A maneira de avaliar estas cuestións será analizando o grao de cumprimento de todas as cuestións descritas na programación. Terá lugar ao remate de cada trimestre.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Tralo remate de cada trimestre, revisarase a presente Programación. Nesta revisión, se terán en conta os seguintes puntos:

- Reunións trimestrais do equipo docente de coordinación de ciclo
- No relativo ás Unidades Didácticas, data de inicio e fin. Número de sesión previstas e as finalmente realizadas.
- Grao de cumprimento xeral da programación
- Propostas xerais de mellora e outras observacións

As modificacións da programación quedarán reflectidas na memoria, que se realizará a final de curso e servirá como proposta de mellora para o próximo curso.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36006407	CEIP Plurilingüe Froebel	Pontevedra	2022/2023

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Ciencias Sociais	1º Pri.	2	70

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	8
4.2. Materiais e recursos didácticos	8
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	8
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	9
6. Medidas de atención á diversidade	10
7.1. Concreción dos elementos transversais	10
7.2. Actividades complementarias	10
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	11
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	11
9. Outros apartados	11

1. Introducción

Esta programación didáctica está pensada para ser levada a cabo dende a área de ciencias sociais nun centro público de educación infantil e primaria, situado na área urbana de Pontevedra. Este centro é de liña un en educación infantil, primeiro, segundo e cuarto de educación primaria. Por outra banda, é de liña dous nos restantes cursos: terceiro, quinto e sexto de primaria.

O alumnado para o cal se elabora a presente programación atópase no primeiro curso da etapa. Todos eles son nados no ano 2016, polo que contan a maioría con 6 anos de idade. O grupo está conformado por un total de 25 nenos e nenas, cun total de 12 nenas e 13 nenos.

Nesta materia se traballarán de forma transversal os diferentes contidos que figuran no currículo da materia das ciencias sociais, co obxectivo de que o alumnado adquiera conceptos, destrezas e actitudes relacionadas co coñecemento do mundo que os rodea. Todo isto, tendo en conta cuestións como as emocións que esta materia provoca no alumnado e a súa relación coa vida diaria.

Un total de 3 unidades didácticas conforman esta programación, a primeira delas está pensada para ser levada a cabo no primeiro trimestre; a segunda no segundo trimestre e a terceira e derradeira unidade, no terceiro trimestre.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura, responsable e eficiente, para buscar información, comunicarse e traballar de maneira individual, en equipo e en rede.	3		4	1-2-3-4-5				4
OBX2 - Expor e dar resposta a cuestións científicas sinxelas, utilizando diferentes técnicas, instrumentos e modelos propios do pensamento científico, para interpretar e explicar feitos e fenómenos que ocorren no medio natural, social e cultural.	1-2-3		2-4	1-2		4		
OBX3 - Identificar as características dos diferentes elementos ou sistemas do medio natural, social e cultural, analizando a súa organización e propiedades e establecendo relacións entre estes, para recoñecer o valor do patrimonio cultural, conservalo, melloralo e emprender accións para o seu uso responsable.			1-2-4-5	1		4	1	1
OBX4 - Identificar as causas e consecuencias da intervención humana na contorna, desde os puntos de vista social, económico, cultural, tecnolóxico e ambiental, para mellorar a capacidade de afrontar problemas, buscar solucións e actuar de maneira individual e cooperativa na súa resolución, e para poñer en práctica estilos de vida sustentables e consecuentes co respecto, o coidado e a protección das persoas e do planeta.	5		2-5		4	1-3-4	1	

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX5 - Observar, comprender e interpretar continuidades e cambios do medio natural, social e cultural, analizando relacións de causalidade, simultaneidade e sucesión, para explicar e valorar as relacións entre diferentes elementos e acontecementos.	3		4		4	1-3	2	1
OBX6 - Recoñecer e valorar a diversidade e a igualdade de xénero, mostrando empatía e respecto por outras culturas e reflexionando sobre cuestións éticas, para contribuír ao benestar individual e colectivo dunha sociedade en continua transformación e ao logro dos valores de integración europea.		3			3	1-2-3		1
OBX7 - Participar na contorna e na vida social de forma eficaz e construtiva desde o respecto aos valores democráticos, os dereitos humanos e da infancia e os principios e valores da Constitución española e a Unión Europea, valorando a función do Estado e as súas institucións no mantemento da paz e seguridade integral cidadá, para xerar interaccións respectuosas e equitativas e promover a resolución pacífica e dialogada dos conflitos.	5				1	1-2-3		1

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Vivir e convivir	Nesta primeira unidade, se tratará o tema da familia, dende un punto de vista que contempla a diversidade existente neste concepto. Se comezará tamén a incidir nos diferentes traballos que pode desempeñar cada membro na sociedade. Tendo en conta o aspecto social, se enumerarán as diferenzas entre a vida na aldea, barrio e a cidade. Partindo da vida na cidade, se estudarán normas para a seguridade viaria.	35	25	X		
2	Sabemos coidar da Terra?	Nesta segunda unidade, se dará inicio ao traballo sobre o universo, fundamentalmente a terra, o sol e a lúa. Tamén os fenómenos atmosféricos e os tipos de paisaxe que existen. Como remate da unidade, se incidirá de maneira especial nun contido que se traballa de xeito transversal en todas as materias, a reciclaxe.	35	25		X	
3	Deixando pegadas	A terceira unidade, desenvolve o contido da medida do tempo e unidades temporais. Nesta unidade tamén será importante o tratamento da memoria local, incidindo principalmente nos referentes locais.	30	20			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Vivir e convivir	25

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Buscar información sinxela de diferentes fontes seguras e fiables de forma guiada, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural, social e cultural.	Recoller información básica sobre a familia e profesións.	TI	100
CA3.1 - Mostrar curiosidade por obxectos, feitos e fenómenos próximos, formulando preguntas e realizando predicións.	Mostrar curiosidade polo entorno: a familia, a cidade e o colexio.		
CA3.2 - Recoller información sobre manifestacións culturais da propia contorna, mostrando respecto a outras persoas, valorando a súa diversidade e riqueza, e apreciándoa como fonte de aprendizaxe.	Recoller información de maneira escrita sobre diferentes cuestións sociais.		
CA3.3 - Mostrar actitudes que fomenten a igualdade de xénero e as condutas non sexistas recoñecendo modelos positivos na contorna próxima.	Non amosar prexuízos sexistas en relación ás profesións.		
CA3.4 - Identificar institucións próximas, sinalando e valorando as funcións que realizan en prol dunha boa convivencia.	Identificar institucións próximas, (colexio e concello).		
CA3.5 - Coñecer e interiorizar normas básicas para a convivencia no uso de espazos públicos, especialmente como peóns ou como usuarios dos medios de locomoción, tomando conciencia da importancia da mobilidade segura, saudable e sustentable tanto para as persoas como para o planeta.	Coñecer normas básicas de seguridade viaria.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Ocupación e traballo. Identificación das principais actividades profesionais e laborais de mulleres e homes na contorna. - Identidade e ámbitos de pertenza: familia, escola, aldea/vila/barrio e cidade, Galicia. Festas tradicionais galegas e gastronomía popular. - A escola: organización escolar, os membros e os seus roles, espazos físicos e recursos. - Os deberes e dereitos das persoas. A asemblea de clase como momento para a reflexión, o diálogo, a escoita activa e a resolución pacífica de conflitos. - Igualdade de xénero e conduta non sexista. - Seguridade viaria. Normas básicas nos desprazamentos como peóns e usuarios dos medios de transporte. - A vida en colectividade. A familia. Diversidade familiar. Compromisos, corresponsabilidade, participación e normas na contorna familiar, veciñal e escolar. Prevención, xestión e resolución dialogada de conflitos.

Contidos
- Ocupación e traballo. Identificación das principais actividades profesionais e laborais de mulleres e homes na contorna.

UD	Título da UD	Duración
2	Sabemos coidar da Terra?	25

Critérios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura e de acordo coas necesidades do contexto educativo.	Empregar o ordenador con axuda na procura de información.	TI	100
CA1.2 - Mostrar curiosidade por obxectos, feitos e fenómenos próximos, formulando preguntas e realizando predicións.	Mostrar curiosidade polo espazo.		
CA1.4 - Participar en experimentos pautados ou guiados, cando a investigación o requira, utilizando diferentes técnicas sinxelas de indagación, empregando de forma segura instrumentos e rexistrando as observacións de forma clara.	Rexistrar datos nunha folla tras a búsqueda de información.		
CA1.5 - Establecer acordos de forma dialóxica e democrática como parte de grupos próximos á súa contorna, identificando as responsabilidades individuais e empregando unha linguaxe inclusiva e non violenta.	Chegar a acordos no equipo.		
CA2.1 - Recoñecer as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural, social e cultural a través da indagación, utilizando as ferramentas e procesos adecuados de forma pautada.	Recoñecer elementos do medio natural.		
CA2.2 - Recoñecer conexións sinxelas e directas entre diferentes elementos do medio natural, social e cultural por medio da observación, a manipulación e a experimentación.	Recoñecer elementos do medio natural na realización de experimentos.		
CA2.3 - Mostrar estilos de vida sustentable e valorar a importancia do respecto, os coidados, a corresponsabilidade e a protección dos elementos e seres do planeta, identificando a relación da vida das persoas coas súas accións sobre os elementos e recursos do medio como o chan e a auga.	Coñecer normas básicas de reciclaxe para o coidado do medio.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Procedementos de indagación adecuados ás necesidades da investigación (observación no tempo, identificación e clasificación, procura de patróns...).
- Instrumentos e dispositivos apropiados para realizar observacións e medicións de acordo coas necesidades das diferentes investigacións elementais sobre diversos aspectos da contorna social e da súa propia persoa, empregando persoais e modelos.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións. - A curiosidade e a iniciativa na realización das diferentes investigacións. - Propostas de traballo que xurdan dunha situación problema, acontecemento ou inquietude da contorna que os rodea. Estratexias de traballo individual e cooperativo. - Dispositivos e recursos da contorna dixital de aprendizaxe de acordo coas necesidades do contexto educativo. - A Terra, o Sol, a Lúa e as estrelas como compoñentes da súa contorna espacial máis próximo. - A vida na Terra. Fenómenos atmosféricos e a súa repercusión nos ciclos biolóxicos e na vida diaria. - Retos sobre situacións cotiás. Funcións básicas do pensamento espacial e temporal para a interacción co medio e a resolución de situacións da vida cotiá. Itinerarios e traxectos, desprazamentos e viaxes. - Coñecemento da nosa contorna. Paisaxes naturais e paisaxes humanizadas, e os seus elementos. A acción humana sobre o medio e as súas consecuencias. - Estilos de vida sustentable. O uso da auga, a mobilidade sustentable e a xestión dos residuos.

UD	Título da UD	Duración
3	Deixando pegadas	20

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Mostrar actitudes de respecto ante o patrimonio natural e cultural, recoñecéndoo como un ben común.	Recoñecer o patrimonio da cidade de Pontevedra como ben común.	TI	100
CA4.2 - Ordenar temporalmente feitos da contorna social e cultural próxima, empregando nocións básicas de medida e sucesión.	Coñecer algúns acontecementos importantes que aconteceron na cidade.		
CA4.3 - Coñecer persoas e grupos sociais relevantes da historia, así como formas de vida do pasado, incorporando a perspectiva de xénero.	Coñecer a mulleres relevantes na historia de Pontevedra.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Medida do tempo na vida cotiá e as súas equivalencias. Unidades temporais básicas (día, semana, mes, ano) situando acontecementos da historia persoal e identificando cambios que se producen ao longo do tempo. - A percepción do tempo. Conceptos temporais básicos: antes, despois, durante, pasado, presente e futuro. - As expresións e producións artísticas da contorna próxima. - Recursos e medios analóxicos e dixitais. As fontes orais e a memoria colectiva. A historia local e a biografía familiar, mulleres e homes como suxeitos da historia.

4.1. Concrecións metodolóxicas

No tocante ao aspecto metodolóxico, a presente Programación Didáctica, remítese en primeira instancia as liñas de actuación reflectidas no currículo, as cales se levarán a cabo ao longo do curso. As diferentes unidades didácticas permitirán, no seu conxunto, o traballo da totalidade dos contidos do currículo, así como dos elementos transversais.

A aprendizaxe é significativa, posto que o alumando o constrúe os seus coñecementos a través da presentación dos contidos en forma de estímulos. Estes estímulos, os contidos, parten sempre da realidade do alumnado, estando relacionados con cuestións que poden observar na súa vida cotiá.

A aprendizaxe desta materia conleva un tipo de aprendizaxe de rango experimental e a posta en práctica dunha actitude proactiva. Nalgunhas ocasións, poñerase en práctica a aprendizaxe cooperativa, que conleva a resolución de problemas de maneira grupal, aportando cada un dos membros diferentes ideas.

Asemesmo, os contidos relacionados coa reciclaxe, que forman parte desta materia, adquirirán un carácter absolutamente transversal. Estas cuestións serán traballadas ao longo de todo o curso escolar.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Encerado dixital
Ordenador da aula
Fichas de actividades
Fichas de ampliación e reforzo
Lápiz e goma
Rotuladores e ceras de cores
Libros da biblioteca do centro
Tesoiras e pegamento
Cartulina

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial lévase a cabo durante as primeiras semanas do curso. Durante este periodo, se realizan probas para comprobar cal é o nivel do que parte o alumnado en canto á competencia lingüística e matemática. Asemesmo, tamén é unha avaliación de carácter observacional, o cal permite comprobar o grao de desenvolvemento na execución do alumnado en cuestións que implican estas competencias.

Unha vez obtidas as conclusións, a información recollida se traslada a unha reunión de avaliación inicial, para poñer en coñecemento do Departamento de Orientación a posible existencia de dificultades e a necesidade de ofrecer a algúns alumnos ou alumnas unha atención máis individualizada.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	35	35	30	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100

Criterios de cualificación:

Á hora de establecer os criterios de cualificación da materia, debemos ter en conta os instrumentos de avaliación marcados nesta programación, as táboas de indicadores, que permiten valorar diferentes cuestións.

Non se realizarán exames formais como tal, pero se terá en conta é a realización do traballo diario, combinado con tarefas realizadas cada certo tempo que permitirán coñecer o progreso do alumnado. As táboas de indicadores son rúbricas cunha porcentaxe marcada para cada criterio de avaliación en cada unidade. A través destas táboas, avaliaranse os criterios de avaliación que se indican, así como o respecto polos compañeiros, a capacidade de seguir uns pasos ou unhas instrucións e o grao de responsabilidade na execución dos pequenos proxectos.

Para o cálculo da nota de cada avaliación terase en conta a seguinte fórmula:

- Nota primeira avaliación: Nota UD1
- Nota segunda avaliación: Nota UD2
- Nota terceira avaliación: Nota UD3

Para o cálculo da nota final de xuño, se fará a media aritmética das notas das tres avaliacións.

Para o cálculo da nota de cada unidade, utilizaranse as seguintes porcentaxes:

UNIDADE 1: Exercicios orais/ escritos da aula deseñados para avaliar cuestións específicas da unidade: 70%.
Realización /
Exposición de pequenos proxectos: 30%

UNIDADE 2: Exercicios orais/ escritos da aula deseñados para avaliar cuestións específicas da unidade: 70%.
Realización /
Exposición de pequenos proxectos: 30%

UNIDADE 3: Exercicios orais/ escritos da aula deseñados para avaliar cuestións específicas da unidade: 70%.
Realización /
Exposición de pequenos proxectos: 30%

Criterios de recuperación:

Aquel alumnado que obteña unha valoración negativa nun trimestre deberá recuperar a materia atendendo aos criterios de recuperación que se desenvolven a continuación. Deberá realizar unha serie de tarefas que versarán sobre os contidos traballados que serán entregadas e avaliadas polo profesorado, as cales terán un peso do 100% da cualificación final.

6. Medidas de atención á diversidade

A realidade existente na aula é diversa, e por esta razón, cómpre ter en conta as diferentes casuísticas da clase. Neste sentido, se terán en conta as conclusións obtidas tras a realización da avaliación inicial, pero tamén todas aquelas observacións que xurdan no día a día da clase.

A aula contará con apoio de dispoñibilidade horaria que se focalizará naquel alumnado que presente máis dificultades para rematar as tarefas ou que presente un menor grao de autonomía. Asemesmo, dende o Departamento de Orientación, de darse o caso de que na aula existisen necesidades específicas de apoio educativo, se ofrecerán as orientación e apoios necesarios.

Na aula de 1º A planifícanse rincóns con xogos manipulativos de reforzo e ampliación para todos aqueles e aquelas que rematen o traballo marcado en cada sesión. Por outra banda, se ofrecerán tamén materiais escritos de ampliación para todo este alumnado.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X
ET.5 - Fomento da creatividade, espírito científico e emprendemento	X	X	X
ET.6 - Igualdade entre homes e mulleres	X	X	X
ET.7 - Educación para a paz e prevención e resolución pacífica de conflitos	X	X	X
ET.8 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible	X	X	X
ET.9 - Educación para a saúde	X	X	X

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición
Visitas que promovan o coñecemento do espazo	Se promoverá calqueira tipo de visita que implica profundizar no coñecemento da Terra, a Lúa, o Sol e as estrelas
Roteiro por Pontevedra	Visita na que o alumnado poderá coñecer máis cousas sobre a memoria local

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Utilidade da programación tendo en conta o seu grao de cumprimento
Grao de coherencia entre obxectivos e contidos
Adecuación das actividades programadas
Utilidade dos recursos destinados a esta materia
Papel do docente

Descrición:

A maneira de avaliar estas cuestións será analizando o grao de cumprimento de todas as cuestións descritas na programación. Terá lugar ao remate de cada trimestre.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Tralo remate de cada trimestre, revisarase a presente Programación. Nesta revisión, se terán en conta os seguintes puntos:

- Reunións trimestrais do equipo docente de coordinación de ciclo
- No relativo ás Unidades Didácticas, data de inicio e fin. Número de sesión previstas e as finalmente realizadas.
- Grao de cumprimento xeral da programación
- Propostas xerais de mellora e outras observacións

As modificacións da programación quedarán reflectidas na memoria, que se realizará a final de curso e servirá como proposta de mellora para o próximo curso.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36006407	CEIP Plurilingüe Froebel	Pontevedra	2022/2023

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Educación física	1º Pri.	2	70

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	8
4.1. Concrecións metodolóxicas	49
4.2. Materiais e recursos didácticos	50
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	51
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	53
6. Medidas de atención á diversidade	55
7.1. Concreción dos elementos transversais	56
7.2. Actividades complementarias	58
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	59
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	59
9. Outros apartados	60

1. Introducción

O presente documento desenvolve unha programación didáctica para a área de Educación Física en 1º curso de Educación Primaria, realizada en base á Concreción Curricular do centro e tendo en conta o Decreto vixente actual no que se establece o currículo de Educación Primaria.

A área de Educación Física debe fundamentarse na adquisición das capacidades que contribúan ao desenvolvemento persoal e a unha mellor calidade de vida. Ten que dirixirse cara ao coñecemento progresivo da conducta motora e á adquisición de actitudes, valores e normas referentes ao corpo e ao movemento.

É un área que contribuirá ao logro de diversos fins educativos na Etapa de Educación Primaria: socialización, autonomía, aprendizaxes básicas e mellora das posibilidades expresivas, cognitivas, comunicativas e lúdicas.

Pero a Educación Física non é unha simple aprendizaxe de movementos, senón un camiño cara á educación total que utiliza dito movemento como axente pedagóxico con diversas funcións: de coñecemento, de organización perceptiva, anatómico-funcional, estético-comunicativa, de relación persoal coas demais persoas, agonística, hixiénica, hedonista, de compensación e catártica.

Esta área curricular está especialmente indicada para integrar todo tipo de alumnado e resulta idónea de cara á Atención á Diversidade. Debe incidirse na Coeducación e na Igualdade de oportunidades para ambos sexos.

Nesta proposta teranse en conta os diferentes ritmos de maduración, preténdese desenvolver as capacidades e habilidades instrumentais que melloran e aumentan as posibilidades de movemento dos alumnos/as, a través de patróns motores básicos que constitúan unha sólida base para o futuro.

Un dos obxectivos principais debe ser fomentar a adquisición dun estilo de vida activo e saudable que lle permita ao alumnado chegar a consolidar hábitos e, posteriormente, perpetualos ao longo da súa vida. Esos hábitos de vida saudable son a clave para evitar o sedentarismo e a obesidade contribuindo a ter calidade de vida. Temos que inculcar ao noso alumnado que a actividade física ten que estar no presente e no futuro do seu día a día.

Para abordar con posibilidades de éxito as numerosas situacións motrices ás que se verá exposto o alumnado ao longo da súa vida, será preciso desenvolver de maneira integral capacidades de carácter cognitivo e motor, pero tamén afectivo - motivacional, de relacións interpersoais e de inserción social. Deste xeito, o alumnado terá que aprender a xestionar as súas emocións e as súas habilidades sociais en contextos de práctica motriz.

O alumnado tamén deberá recoñecer diferentes manifestacións da cultura motriz, como parte relevante do patrimonio cultural, expresivo e artístico, que poden converterse en obxecto de gozo e aprendizaxe. Para iso, será preciso desenvolver a súa identidade persoal e social integrando nela as manifestacións máis comúns da cultura motriz, a través dunha práctica vivenciada e creativa.

O desenvolvemento de actitudes comprometidas co medio ambiente e a súa materialización en comportamentos baseados na conservación e na sustentabilidade asociaranse cunha competencia fundamental para a vida en sociedade que debe comezar a adoptarse nesta etapa.

* CARACTERÍSTICAS PSICOEVOLUTIVAS ALUMNADO DE 1º CICLO (6 a 8 anos)._____

- Ámbito cognitivo: están na idade de tránsito da etapa preoperacional ás das operacións concretas (Piaget), na cal existe unha diminución do pensamento egocéntrico e aumento da capacidade de centrarse en máis dun estímulo.

- Ámbito motor: comezan a consolidar o seu esquema corporal (ton, relaxación e respiración) e a controlar condutas motrices de base (postura, equilibrio e coordinación); a dominar condutas perceptivo motrices: estruturación espacial / temporal, lateralidade e ritmo. Conseguen o control independente dos segmentos corporais e perfeccionan a motricidade fina e grossa.

- Ámbito afectivo-social: consolidan e amplían o seu proceso de socialización, relacionándose cos demais, respectando regras, dialogando-escoitando e cooperando.

* CONTEXTUALIZACIÓN:

- Centro: CEIP P. FROEBEL
- Unidades: 12 (3 en EI e 9 en EP)
- Curso: 1ºA
- Nº alumnos/as: 25 (12 nenas e 13 nenos)
- Contorno: Centro urbano
- Instalacións: patio interior, puntualmente zona verde da alameda anexa
- Xornada escolar: continua (09:00 a 14:00)

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Adoptar un estilo de vida activo e saudable, practicando regularmente actividades físicas e deportivas e adoptando comportamentos que potencien a saúde física, mental e social, así como medidas de responsabilidade individual e colectiva durante a práctica motriz para interiorizar e integrar hábitos de actividade física sistemática que contribúan ao benestar.			2-5		2-5		3	
OBX2 - Adaptar os elementos propios do esquema corporal, as capacidades físicas, perceptivo-motrices e coordinativas, así como as habilidades e as destrezas motrices, aplicando procesos de percepción, decisión e execución adecuados á lóxica interna e aos obxectivos de diferentes situacións, para dar resposta ás demandas de proxectos motores e de prácticas motrices con distintas finalidades en contextos da vida diaria.			1	3	4-5			
OBX3 - Desenvolver procesos de autorregulación e interacción no marco da práctica motriz, con actitude emprática e inclusiva, facendo uso de habilidades sociais e actitudes de cooperación, respecto, traballo en equipo e deportividade, con independencia das diferenzas etnoculturais, sociais, de xénero e de habilidade dos participantes, para contribuír á convivencia social e ao compromiso ético nos diferentes espazos en que se participa.	1-5				1-3-5	2-3		
OBX4 - Recoñecer e practicar diferentes manifestacións lúdicas, físico-deportivas e artístico-expresivas propias da cultura motriz, valorando a súa influencia e as súas achegas estéticas e creativas á cultura tradicional e contemporánea, para integralas nas situacións motrices que se utilizan regularmente na vida cotiá.		3				3		1-2-3-4

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
Código	Centro	Concello	Ano académico
36006407	CEIP Plurilingüe Froebel	Pontevedra	2022/2023

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Lingua castelá e literatura	1º Pri.	4	140

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	12
4.2. Materiais e recursos didácticos	12
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	13
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	13
6. Medidas de atención á diversidade	14
7.1. Concreción dos elementos transversais	14
7.2. Actividades complementarias	15
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	15
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	15
9. Outros apartados	16

1. Introducción

Esta programación didáctica está pensada para ser levada a cabo dende a área de Lingua Castelá nun centro público de educación infantil e primaria, situado na área urbana de Pontevedra. Este centro é de liña un en educación infantil, primeiro, segundo e cuarto de educación primaria. Por outra banda, é de liña dous nos restantes cursos: terceiro, quinto e sexto de primaria.

O alumnado para o cal se elabora a presente programación atópase no primeiro curso da etapa. Todos eles son nados no ano 2016, polo que contan a maioría con 6 anos de idade. O grupo está conformado por un total de 25 nenos e nenas, cun total de 12 nenas e 13 nenos.

A aula conta cun recuncho de traballo da lectoescritura, no cal se ofrecen actividades de reforzo e de ampliación, así como material complementario para todo o alumnado que remata a tarefa programada na sesión. Este tipo de material é de natureza manipulativa e permite desenvolver destrezas tales como a conciencia fonolóxica, grafomotricidade ou ampliación de vocabulario.

Nesta materia se traballarán de forma transversal os diferentes contidos que figuran no presente currículo, co obxectivo de que o alumnado adquiera conceptos, destrezas e actitudes relacionadas coa lingua castelá. Para este traballo, se considera a lingua na súas diferentes vertentes.

Todo isto levarase a cabo nun total de 3 unidades didácticas que conforman esta programación, a primeira delas está pensada para ser levada a cabo no primeiro trimestre; a segunda no segundo trimestre e a terceira e derradeira unidade, no terceiro trimestre. Todas elas se complementan e consideran o traballo da linguaxe oral, da linguaxe escrita, o fomento da lectura e o gusto pola literatura.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Recoñecer a diversidade lingüística do mundo a partir da identificación das linguas do alumnado e a realidade plurilingüe e multicultural de España para favorecer a reflexión interlingüística, para identificar e rexeitar estereotipos e prexuízos lingüísticos, e para valorar a devandita diversidade como fonte de riqueza cultural.	1-5	2-3				1-2		1-3
OBX2 - Comprender e interpretar textos orais e multimodais identificando o sentido xeral e a información máis relevante, e valorando con axuda aspectos formais e de contido básicos para construír coñecemento e responder a diferentes necesidades comunicativas.	2	2	1	3	3	3		
OBX3 - Producir textos orais e multimodais con coherencia, claridade e rexistro adecuados para expresar ideas, sentimentos e conceptos; construír coñecemento; establecer vínculos persoais; e participar con autonomía e unha actitude cooperativa e empática en interaccións orais variadas.	1-3-5	2	1	2-3		2	1	

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX4 - Comprender e interpretar textos escritos e multimodais, recoñecendo o sentido global, as ideas principais e a información explícita e implícita, e realizando con axuda reflexións elementais sobre aspectos formais e de contido, para adquirir e construír coñecemento e para responder a necesidades e intereses comunicativos diversos.	2-3-5	2	1	1	4-5			
OBX5 - Producir textos escritos e multimodais, con corrección gramatical e ortográfica básicas, seriando correctamente os contidos e aplicando estratexias elementais de planificación, textualización, redacción, revisión e edición para construír coñecemento e para dar resposta a demandas comunicativas concretas.	1-3-5		1	2-3	5	2		
OBX6 - Buscar, seleccionar e contrastar información procedente de dúas ou máis fontes, de forma planificada e co debido acompañamento, avaliando a súa fiabilidade e recoñecendo algúns riscos de manipulación e desinformación, para transformala en coñecemento e para comunicala de maneira creativa, adoptando un punto de vista persoal e respectuoso coa propiedade intelectual.	3			1-2-3-4	5	2	3	
OBX7 - Ler de maneira autónoma obras diversas seleccionadas atendendo aos seus gustos e intereses, compartindo as experiencias de lectura, para iniciar a construción da identidade lectora, para fomentar o gusto pola lectura como fonte de pracer e para gozar da súa dimensión social.	1-4			3	1			1-2-3
OBX8 - Ler, interpretar e analizar, de maneira acompañada, obras ou fragmentos literarios adecuados ao seu desenvolvemento, establecendo relacións entre eles e identificando o xénero literario e as súas convencións fundamentais, para iniciarse no recoñecemento da literatura como manifestación artística e fonte de pracer, coñecemento e inspiración para crear textos de intención literaria.	1-2-4							1-2-3-4
OBX9 - Reflexionar de forma guiada sobre a linguaxe a partir de procesos de produción e comprensión de textos en contextos significativos, utilizando a terminoloxía elemental adecuada para iniciarse no desenvolvemento da conciencia lingüística e para mellorar as destrezas de produción e comprensión oral e escrita.	1-2	2	1-2		5			

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX10 - Pór as propias prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática utilizando unha linguaxe non discriminatoria e detectando e rexeitando os abusos de poder a través da palabra para favorecer un uso non só eficaz senón tamén ético da linguaxe.	1-5	3		3	3	1-2-3		

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	O mundo das letras	Nesta primeira unidade, o alumnado profundizará na aprendizaxe da lectoescritura, poñendo en práctica a linguaxe oral ao mesmo tempo que a escrita. Se tratará o uso das maiúsculas, artigos e signos ortográficos simples.	35	50	X		
2	A receita para escribir ben	Nesta segunda unidade, se traballará na concordancia de xénero e número, verbos, signos de interrogación e exclamación e antónimos. Para isto, se empregarán textos de diversa índole, entre eles, receitas que promovan unha dieta equilibrada.	35	50		X	
3	Moito conto	Nesta terceira unidade, o alumnado traballará os adxectivos, sinónimos e repaso de antónimos, nomes individuais e colectivos e conciencia léxica. Todo isto, tendo como recurso principal os contos tradicionais.	30	40			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	O mundo das letras	50

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Mostrar interese e respecto polas distintas linguas e variedades dialectais da súa contorna, incluída unha primeira aproximación ás linguas de signos, valorando a igualdade nas diferenzas.	Mostrar interese polas variedades dialectais.	TI	100
CA1.2 - Recoñecer, de maneira acompañada e en contextos próximos, algúns prexuízos e estereotipos lingüísticos e culturais moi frecuentes, a partir da observación da contorna.	Recoñecer a existencia de prexuízos lingüísticos.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Recoñecer as distintas linguas empregadas na súa contorna a través da interacción coas persoas próximas.	Recoñecer a variedade de linguas existentes.		
CA1.4 - Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios identificados a partir da reflexión grupal acompañada sobre os aspectos elementais, verbais e non verbais, que rexen a comunicación.	Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios.		
CA1.5 - Usar unha linguaxe respectuosa coas diferenzas persoais, culturais e coa perspectiva de xénero.	Usar unha linguaxe respectuosa.		
CA2.1 - Comprender o sentido de textos orais e multimodais sinxelos, recoñecendo as ideas principais e as mensaxes explícitas e as mensaxes implícitas máis sinxelas, e iniciando, de maneira acompañada, a valoración do contido da información máis relevante e dos elementos non verbais elementais.	Comprender textos orais sinxelos.		
CA2.2 - Ampliar paulatinamente o vocabulario básico a partir das experiencias e situacións de aula.	Recoñecer novas palabras.		
CA2.3 - Identificar, de maneira acompañada, o contido de textos orais e multimodais sinxelos, valorando a información máis relevante.	Comprender o máis importante dos textos orais.		
CA2.4 - Reproducir textos orais sinxelos e próximos aos seus gustos e intereses.	Reproducir textos orais sinxelos simples.		
CA2.5 - Producir textos orais e multimodais coherentes, con planificación acompañada e utilizando recursos non verbais elementais.	Expresarse oralmente con claridade.		
CA2.6 - Participar en interaccións orais espontáneas, respectando as normas básicas da cortesía lingüística e utilizando un vocabulario axeitado ao nivel e cunha secuencia coherente e incorporando estratexias elementais de escoita activa.	Participar nos coloquios que teñan lugar na clase.		
CA2.7 - Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios identificados a partir da reflexión grupal acompañada sobre os aspectos elementais, verbais e non verbais, da comunicación, tendo en conta unha perspectiva de xénero.	Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios tendo en conta a perspectiva de xénero.		
CA2.8 - Mobilizar, coa planificación e acompañamento necesarios, estratexias elementais para a escoita activa e o consenso, iniciándose na xestión dialogada de conflitos.	Escoitar o que din os compañeiros.		
CA6.1 - Comparar aspectos básicos das linguas do ámbito escolar e social para acadar unha competencia comunicativa integrada.	Comparar as linguas da súa contorna.		
CA6.2 - Producir, de maneira acompañada, textos escritos e multimodais sinxelos en distintos soportes, desde as diferentes etapas do proceso evolutivo da escritura, axustándose a modelos dados.	Ser quen de contar cousas establecendo unha orde, (primero, despois, ao remate).		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA6.3 - Formular conclusións elementais sobre o funcionamento da lingua, prestando especial atención á concordancia e ás relacións de significado entre as palabras, a partir da observación, da comparación e da transformación de palabras e enunciados, nun proceso acompañado de comprensión de textos en contextos significativos.	Ler palabras soltas.		
CA6.4 - Revisar e mellorar os textos propios e emendar algúns problemas de comprensión lectora, de maneira acompañada, a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e usando a terminoloxía lingüística básica adecuada.	Ser quen de escribir palabras soltas.		
CA6.5 - Iniciar a adquisición de vocabulario a través dos textos.	Adquirir novo vocabulario.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Biografía lingüística persoal e da súa contorna. - Valoración da diversidade da lingua na súa contorna. - Identificación de prexuízos e estereotipos lingüísticos e culturais a partir da observación da contorna. - A diversidade etno-cultural e lingüística no contexto escolar e familia. - Recoñecemento nas expresións verbais e non verbais da igualdade entre homes e mulleres. - Uso dunha linguaxe, verbal e non verbal, non discriminatoria, respectuosa coas diferenzas e coa perspectiva de xénero. - Contexto - Incidencia dos compoñentes (situación, participantes ou intención) na comunicación oral. - Xéneros discursivos - Estratexias para a adquisición de destrezas elementais sobre xéneros discursivos propios do ámbito persoal, social e educativo (contido e forma). - Elementos básicos de contido (tema, léxico). - Interese pola ampliación de vocabulario básico. - Estratexias para a produción, con cohesión e coherencia, de textos orais básicos axeitados a súa idade (normas, contos¿). - Procesos: interacción oral - Estratexias para o recoñecemento e interpretación de forma acompañada da información xeral de textos sinxelos adecuados á idade. - Interacción oral adecuada en situacións de aula con respecto ás normas sociais, utilizando un vocabulario axeitado ao nivel e cunha secuencia coherente - Estratexias de escoita activa na resolución dialogada dos conflitos. - Procesos: comprensión oral

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Comprensión global de textos orais e multimodais sinxelos de diversa tipoloxía, recoñecendo as ideas principais e as mensaxes explícitas e as mensaxes implícitas máis sinxelas, e atendendo á forma da mensaxe procedente de diversas fontes. - Recoñecemento e valoración do contido de textos orais e multimodais sinxelos da información máis relevante e dos elementos básicos da comunicación non verbal. - Audición, dramatización e reprodución de textos adecuados ao nivel que estimulen o seu interese e gustos. - Detección de usos claramente discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal en anuncios, carteis publicitarios... - Procesos: produción oral - Creación de textos orais básicos utilizando unha linguaxe verbal non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas. - Construción e comunicación de coñecemento mediante a planificación e produción acompañada de textos orais e multimodais breves e sinxelos, utilizando recursos non verbais elementais. - Identificación das similitudes e diferenzas entre as linguas do seu ámbito escolar e social para acadar unha competencia comunicativa integrada e progresar na súa aprendizaxe. - Diferenzas elementais entre lingua oral e lingua escrita. - Estratexias para a transformación guiada de palabras entre as distintas linguas da contorna escolar. - Signos básicos de puntuación como mecanismo para organizar o texto escrito. - Recoñecemento da existencia de distintos tipos de palabras e enunciados e as relacións de concordancia entre elas, a partir da observación, comparación e transformación. - Mecanismos básicos de cohesión e coherencia textual para producir textos escritos e multimodais sinxelos en distintos soportes, desde as diferentes etapas do proceso evolutivo da escritura, axustándose a modelos dados. - Estratexias básicas de recoñecemento da intención comunicativa. - Procedementos elementais de adquisición de vocabulario e relación de significado entre unhas palabras e outras.

UD	Título da UD	Duración
2	A receita para escribir ben	50

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Ler en voz alta textos sinxelos de carácter infantil identificando o sentido global do texto.	Ler textos sinxelos.	TI	100
CA3.2 - Desenvolver estratexias para a comprensión lectora de textos axeitados ao nivel: título e ilustracións.	Escribir o título dun libro ou texto, coñecer ao autor e describir as ilustracións.		
CA3.3 - Comprender o sentido global de distintos tipos de textos adaptados á súa idade, valorando a lectura como medio de adquisición de vocabulario, como gozo persoal, a partir de estratexias básicas de comprensión antes, durante e despois da lectura.	Comprender o que din textos orais.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.4 - Analizar, de maneira acompañada, o contido de textos escritos sinxelos axeitados ao seu nivel e os aspectos formais e non verbais de textos infantís sinxelos.	Comprender o sentido global dun texto escrito.		
CA3.5 - Empregar a lectura de textos infantís sinxelos para favorecer unha comunicación máis eficaz, aplicando os coñecementos básicos respecto do vocabulario e das regras de ortografía.	Coñecer vocabulario básico e empregar o punto.		
CA3.6 - Adquirir o hábito lector e o gusto pola lectura a través da lectura de textos axeitados ao nivel.	Adquirir gusto pola lectura.		
CA3.7 - Producir, con axuda, textos escritos e multimodais sinxelos propios do ámbito escolar e textos infantís breves e sinxelos a partir de modelos dados, mobilizando, de maneira acompañada, estratexias elementais, individuais ou grupais, de planificación, textualización e revisión.	Producir textos de tres palabras.		
CA3.8 - Coñecer, de forma xeral e acompañada, a organización e funcionamento das bibliotecas de aula e de centro, amosando interese por formar unha pequena biblioteca propia.	Coñecer o funcionamento da biblioteca escolar.		
CA3.9 - Construír, a través da linguaxe e de forma progresiva, un pensamento crítico non discriminatorio.	Ter unha opinión sobre os textos traballados na clase.		
CA3.10 - Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios a partir da reflexión grupal acompañada sobre os aspectos elementais da comunicación, tendo en conta unha perspectiva de xénero.	Rexeitar usos discriminatorios da linguaxe.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Contexto - Estratexias para a planificación e produción de textos básicos axeitados á súa idade (normas, contos¿). - Incidencia dos compoñentes (situación e participantes) no acto comunicativo. - Xéneros discursivos - Estratexias para a adquisición de destrezas elementais sobre xéneros discursivos propios do ámbito persoal, social e educativo (contido e forma). - Elementos básicos de contido (tema, fórmulas fixas). - Estratexias para a comprensión lectora de textos axeitados ao nivel: título e ilustracións. - Procesos: comprensión lectora - Lectura en voz alta con entoación e ritmo progresivamente adecuados ao nivel cognitivo. - Elementos gráficos e paratextuais sinxelos que facilitan a comprensión antes, durante e despois da experiencia lectora. - Estratexias básicas para adquisición de habilidades en procesos de comprensión de textos sinxelos.

Contidos

- Valoración da lectura de textos sinxelos como medio para ampliar o vocabulario, aplicando os coñecementos básicos das normas ortográficas.
- Lectura guiada de textos adecuados aos intereses infantís para acadar progresivamente á expresividade.
- Uso da biblioteca de aula ou do centro como recurso para a adquisición do hábito lector a través da lectura de textos axeitados ao nivel.
- Inicio no coñecemento básico respecto á organización e funcionamento das bibliotecas de aula e de centro e na creación dunha biblioteca propia e persoal.
- Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónico.
- Procesos: produción escrita
- Adquisición progresiva da lectoescritura.
- Estratexias básicas para a comprensión ou produción de textos sinxelos de uso social.
- Elementos gráficos e paratextuais sinxelos, como as ilustracións que facilitan a comprensión do texto.
- Estratexias básicas para a mellora da expresión escrita.
- Produción de textos escritos básicos a partir dunha planificación guiada con coherencia e coidando a presentación, mobilizando, de maneira acompañada, estratexias elementais, individuais ou grupais, de planificación, textualización e revisión.
- Valoración da propia produción escrita, así como a produción escrita dos compañeiros e compañeiras.
- Iniciación das regras ortográficas básicas, con especial atención ao uso do punto e das maiúsculas.
- Uso dunha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.

UD	Título da UD	Duración
3	Moito conto	40

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Localizar, seleccionar e contrastar información de distintas fontes, incluídas as dixitais, citándoas e recreándoas mediante a adaptación creativa de modelos dados.	Localizar fontes de información nos libros da biblioteca e en formato dixital.	TI	100
CA4.2 - Compartir os resultados dun proceso de investigación grupal sinxelo, sobre algún tema de interese persoal, realizado de maneira acompañada, que implique a selección de distintas fontes documentais para a procura da información.	Comparar cos compañeiros e compañeiras a información obtida.		
CA4.3 - Coñecer, de xeito guiado, o funcionamento da biblioteca de aula.	Coñecer o funcionamento da biblioteca da aula.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.4 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable das tecnoloxías dixitais en relación coa busca e a comunicación da información, utilizando, de xeito guiado, programas e aplicacións educativas dixitais.	Recoñecer algunha fonte de información na rede.		
CA4.5 - Construír a identidade lectora a partir de lecturas de textos de diferentes fontes.	Ser quen de escoller un libro tendo en conta os gustos propios.		
CA4.6 - Colaborar en comunidades lectoras de ámbito escolar a través de experiencias de lectura compartida.	Colaborar nas actividades da biblioteca do centro.		
CA5.1 - Ler de maneira acompañada textos de distintos autores e autoras acordes cos seus gustos e intereses, tendo en conta as diferentes etapas do proceso evolutivo da lectura.	Ler textos sinxelos.		
CA5.2 - Compartir oralmente e de forma acompañada a experiencia da lectura e o seu gozo, participando en comunidades lectoras de ámbito escolar.	Comentar oralmente se lle gustou ou non un libro.		
CA5.3 - Apreciar o valor de textos literarios sinxelos (contos, lendas, fábulas, relatos) en calquera lingua como fonte de lecer e gozo persoal.	Apreciar o valor dos contos tradicionais.		
CA5.4 - Identificar a biblioteca da aula ou de centro como escenario de actividades literarias elementais compartidas.	Amosar gusto por ir á biblioteca do centro.		
CA5.5 - Reproducir, de xeito acompañado e a partir de modelos dados, textos literarios sinxelos.	Reproducir textos sinxelos.		
CA5.6 - escoitar e ler textos orais e escritos da literatura infantil, que recollan diversidade de autores e autoras, establecendo de maneira acompañada relacións elementais entre eles e con outras manifestacións artísticas e culturais.	Escoitar activamente contos ou historias.		
CA5.7 - Interpretar textos e obras variadas da literatura infantil adecuadas ao nivel e intereses (contos, lendas e adiviñas), recoñecéndooas como fonte de pracer e inspiración para a creación de textos de intención literaria.	Comprender diversos textos escritos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias básicas para o inicio guiado na procura da localización, selección e contraste de información sinxela e na comparación da información recollida de distintas fontes, citándoas e recreándoas mediante a adaptación creativa de modelos dados. - Valoración da elaboración e comunicación da información recollida en fontes sinxelas. - Modelos explícitos para comunicar a información. - Utilización da biblioteca e dos recursos dixitais da aula ou do centro. - Utilización das tecnoloxías da información e da comunicación para a procura da información, adoptando hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable

Contidos

- Recoñecemento da autoría dos textos de forma acompañada.
- Construción da identidade lectora a partir da lectura de textos de diversas fontes de información.
- Colaboración en comunidades lectoras escolares a través de experiencias lectoras compartidas.
- Lectura acompañada de obras sinxelas e variadas da literatura infantil adecuadas aos seus intereses.
- Lectura expresiva, dramatización ou interpretación de fragmentos sinxelos atendendo aos procesos de comprensión e ao nivel de desenvolvemento.
- Inicio na construción da identidade lectora mediante a lectura de breves textos literarios, adaptados á idade. Expresión de gustos e intereses.
- Estratexias básicas para a lectura e interpretación acompañada e compartida de textos, participando nas comunidades lectoras de ámbito escolar.
- Funcionamento elemental da biblioteca da aula ou de centro como escenario de actividades literarias elementais compartidas.
- Coñecemento e lectura guiada de textos literarios sinxelos e de contos tradicionais como fonte de lecer e gozo persoal.
- Comprensión, memorización e recitado de poemas sinxelos.
- Creación de breves relatos e contos infantís a partir de modelos básicos, coidando a limpeza e a presentación.
- Relación dos textos lidos da literatura infantil con outras manifestacións artísticas e culturais.
- Estratexias para a interpretación acompañada e compartida de obras sinxelas a través de conversacións dirixidas.

4.1. Concrecións metodolóxicas

No tocante ao aspecto metodolóxico, a presente Programación Didáctica, remítese en primeira instancia as liñas de actuación reflectidas no currículo, as cales se levarán a cabo ao longo do curso. As diferentes unidades didácticas permitirán, no seu conxunto, o traballo da totalidade dos contidos do currículo, así como dos elementos transversais.

A aprendizaxe é significativa, posto que o alumando o constrúe os seus coñecementos a través da presentación dos contidos en forma de estímulos. Estes estímulos, os contidos, parten sempre da realidade do alumnado, estando relacionados con cuestións que poden observar na súa vida cotiá.

A aprendizaxe desta materia conleva a posta en práctica dunha actitude proactiva. Nalgunhas ocasións, poñerase en práctica a aprendizaxe cooperativa, que conleva a resolución de problemas de maneira grupal, aportando cada un dos membros diferentes ideas.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Encerado dixital
Ordenador da aula
Fichas de actividades

Fichas de ampliación e reforzo
Lápiz, goma, ceras de cores e rotuladores
Materias do rincón da lectoescritura, todos eles manipulativos e que teñen como fin mellorar a lectura e a escritura.
Libros da biblioteca da aula e da biblioteca escolar

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial lévase a cabo durante as primeiras semanas do curso. Durante este periodo, se realizan probas para comprobar cal é o nivel do que parte o alumnado en canto á competencia lingüística e matemática. Asemesmo, tamén é unha avaliación de carácter observacional, o cal permite comprobar o grao de desenvolvemento na execución do alumnado en cuestións que implican a estas competencias.

Unha vez obtidas as conclusións, a información recollida se traslada a unha reunión de avaliación inicial, para poñer en coñecemento do Departamento de Orientación a posible existencia de dificultades e a necesidade de ofrecer a algúns alumnos ou alumnas unha atención máis individualizada.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	35	35	30	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100

Criterios de cualificación:

Á hora de establecer os criterios de cualificación da materia, debemos ter en conta os instrumentos de avaliación marcados nesta programación, as táboas de indicadores, que permiten valorar diferentes cuestións.

Non se realizarán exames formais como tal, pero se terá en conta a realización do traballo diario, combinado con tarefas realizadas cada certo tempo que permitirán coñecer o progreso do alumnado. As táboas de indicadores son rúbricas cunha porcentaxe marcada para cada criterio de avaliación en cada unidade. A través destas táboas, avalíaranse os criterios de avaliación que se indican, así como o respecto polos compañeiros, a capacidade de seguir uns pasos ou unhas instrucións e o grao de responsabilidade na execución dos pequenos proxectos.

Para o cálculo da nota de cada avaliación terase en conta a seguinte fórmula:

- Nota primeira avaliación: Nota UD1
- Nota segunda avaliación: Nota UD2
- Nota terceira avaliación: Nota UD3

Para o cálculo da nota final de xuño, se fará a media aritmética das notas das tres avaliacións.

Para o cálculo da nota de cada unidade, utilizaranse as seguintes porcentaxes:

UNIDADE 1: Exercicios orais/ escritos da aula deseñados para avaliar cuestións específicas da unidade: 70%.
Realización /
Exposición de pequenos proxectos: 30%

UNIDADE 2: Exercicios orais/ escritos da aula deseñados para avaliar cuestións específicas da unidade: 70%.
Realización /
Exposición de pequenos proxectos: 30%

UNIDADE 3: Exercicios orais/ escritos da aula deseñados para avaliar cuestións específicas da unidade: 70%.
Realización /
Exposición de pequenos proxectos: 30%

Cráterios de recuperación:

Aquel alumnado que obteña unha valoración negativa nun trimestre deberá recuperar a materia atendendo os seguintes criterios de recuperación.

Atendendo a esta casuística, realizará unha serie de tarefas que versarán sobre os contidos traballados que serán entregadas e avaliadas polo profesorado, as cales terán un peso do 100% da cualificación final.

6. Medidas de atención á diversidade

A realidade existente na aula é diversa, e por esta razón, cómpre ter en conta as diferentes casuísticas da clase. Neste sentido, se terán en conta as conclusións obtidas tras a realización da avaliación inicial, pero tamén todas aquelas observacións que xurdan no día a día da clase.

A aula contará con apoio de dispoñibilidade horaria que se focalizará naquel alumnado que presente máis dificultades para rematar as tarefas ou que presenten un menor grao de autonomía. Asemesmo, dende o Departamento de Orientación, de darse o caso de que na aula existisen necesidades específicas de apoio educativo, se ofrecerán as orientacións e apoios necesarios.

Na aula de 1º A planifícanse rincóns con xogos manipulativos de reforzo e ampliación para todos aqueles e aquelas que rematen o traballo marcado en cada sesión. Por outra banda, se ofrecerán tamén materiais escritos de ampliación para todo este alumnado.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X
ET.5 - Fomento da creatividade, espírito científico e emprendemento	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.6 - Igualdade entre homes e mulleres	X	X	X
ET.7 - Educación para a paz e prevención e resolución pacífica de conflitos	X	X	X
ET.8 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible	X	X	X
ET.9 - Educación para a saúde	X	X	X

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición
Visita á radio	Na semana da prensa, o alumnado visitará o estudo dunha radio local

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Utilidade da programación tendo en conta o seu grao de cumprimento
Grao de coherencia entre obxectivos e contidos
Adecuación das actividades programadas
Utilidade dos recursos destinados a esta materia
Papel do docente

Descrición:

A maneira de avaliar estas cuestións será analizando o grao de cumprimento de todas as cuestións descritas na programación. Terá lugar ao remate de cada trimestre.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Tralo remate de cada trimestre, revisarase a presente Programación. Nesta revisión, se terán en conta os seguintes puntos:

- Reunións trimestrais do equipo docente de coordinación de ciclo
- No relativo ás Unidades Didácticas, data de inicio e fin. Número de sesión previstas e as finalmente realizadas.
- Grao de cumprimento xeral da programación
- Propostas xerais de mellora e outras observacións

As modificacións da programación quedarán reflectidas na memoria, que se realizará a final de curso e servirá como proposta de mellora para o próximo curso.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36006407	CEIP Plurilingüe Froebel	Pontevedra	2022/2023

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Lingua Estranxeira - Inglés	1º Pri.	2	70

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	29
4.2. Materiais e recursos didácticos	30
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	34
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	35
6. Medidas de atención á diversidade	36
7.1. Concreción dos elementos transversais	37
7.2. Actividades complementarias	38
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	38
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	39
9. Outros apartados	39

1. Introducción

O noso centro está situado no centro da cidade e acoden a el alumnos/as de familias de nivel sociocultural medio-alto con algunhas excepcións (minoritarias). Estamos diante dun grupo de alumnado composto por 25 nenos e nenas con unha predisposición positiva para a aprendizaxe da lingua estranxeira. Cabe salientar que as familias consideran a aprendizaxe do idioma un elemento fundamental na formación dos seus fillos e fillas polo que elixen as clases de inglés como actividades extraescolares. Existen diferenzas madurativas entre eles/as o que repercute no nivel de participación e de adquisición do vocabulario, na percepción dos modelos lingüísticos, no ritmo e na entoación e nos modelos sonoros.

NOTAS ACLARATORIAS:

Esta programación, coa proposta de UD, é unha guía de opcións que se poden desenvolver ao longo do curso en 1º de Primaria: proxectos, explotación de lecturas, unidades de vocabulario, cancións e vídeos. Non é unha programación completa nin pechada. As UD están apenas esbozadas, simplemente para dar idea de posibilidades dentro do marco da lexislación.

No apartado 3.2 Distribución do currículo nas UD:

Os obxectivos, os criterios de avaliación e os contidos son xerais para todo o nivel educativo e corresponde ao mestre-a decidir a distribución ao longo do curso escolar e en que momento traballar un ou outro aspecto que lle permita a consecución final do obxectivo, previa aplicación dos CA correspondentes. Dado que os que presenta o currículo son contidos competenciais, ímonos atopar no caso de que todos os contidos nos parecen abordables en todas as unidades didácticas e que, de feito na práctica será así; sen embargo, na programación cómpre distribuílos, repartilos entre todas para non sobrecargalas. Aquí o importante é que ao longo de todo o curso se aborden os contidos que marca o decreto, se apliquen os criterios de avaliación todos e se chegue ao remate do curso cos obxectivos conseguidos.

Así mesmo, parece máis operativo desdoblar algúns contidos en subcontidos, tendo en conta as unidades que cadaquén se propoña desenvolver. O programa permite realizar estas operacións.

Dado o carácter cíclico da materia (os contidos lingüísticos necesitan de cando en vez unha revisión para a súa asimilación e consolidación) cada mestra/e poderá marcar o mesmo criterio de avaliación en distintos trimestres. Así, haberá quen marque uns criterios para uns trimestres e outros para outros; e haberá mestres-as que terán en conta o mesmo criterio en 2 ou nos 3 trimestres. Aquí o fundamental é que no total do curso se teñan avaliado todos os criterios e abordado todos os contidos, o momento en que facelo escólleo cada mestra-a.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Comprender o sentido xeral e información específica e predicible de textos breves e sinxelos, expresados de forma clara e na lingua estándar, facendo uso de diversas estratexias e recorrendo, cando sexa necesario, ao uso de distintos tipos de apoio, para desenvolver o repertorio lingüístico e para responder a necesidades comunicativas cotiás.	2-3	1-2	1	1	5			2

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX2 - Producir textos sinxelos de maneira comprensible e estruturada, mediante o emprego de estratexias como a planificación ou a compensación, para expresar mensaxes breves relacionados con necesidades inmediatas e responder a propósitos comunicativos cotiás.	1	1-2	1	2	5		1	4
OBX3 - Interactuar con outras persoas usando expresións cotiás, recorrendo a estratexias de cooperación e empregando recursos analóxicos e dixitais, para responder a necesidades inmediatas do seu interese en intercambios comunicativos respectuosos coas normas de cortesía.	5	1-2	1		3	3	1-3	
OBX4 - Mediar en situacións predicibles, usando estratexias e coñecementos para procesar e transmitir información básica e sinxela, co fin de facilitar a comunicación.	5	1-2-3	1		1-3			1
OBX5 - Recoñecer e usar os repertorios lingüísticos persoais entre distintas linguas, reflexionando sobre o seu funcionamento e identificando as estratexias e coñecementos propios, para mellorar a resposta a necesidades comunicativas concretas en situacións coñecidas.		2	1	2	1-4-5		3	
OBX6 - Apreciar e respectar a diversidade lingüística, cultural e artística a partir da lingua estranxeira, identificando e valorando as diferenzas e semellanzas entre linguas e culturas, para aprender a xestionar situacións interculturais.	5	3			1-3	2-3		1

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	MY FAMILY	Vocabulario e expresións relacionados coa familia; xogos de interacción do alumnado entre si e da mestra co alumnado: role-plays, memory game con tarxetas de imaxes, dominós de imaxes. Story time: " The family book " by Todd Parr. ;xogos interactivos en formato dixital.Presentar á súa familia con fotos ou debuxos: This is my... He/ she is my...Diferencias entre he/she.Canción dramatizada. Otempo. Os días da semana.Os números.As cores. O alfabeto	15	9	X		
2	HALLOWEEN	Vocabulario e expresións relacionados co Halloween.Ver un video e comparar a celebración de Halloween coa do Samaín.	10	5	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
2	HALLOWEEN	<p>arredor, cores, celebracións tradicionais neste tempo coa comparación entre culturas:Halloween/Samaín e Magosto. Memorizar e dramatizar un poema incluíndo cores.</p> <p>Xogar ao Bingo, Parrot para practicar o vocabulario. Canción relacionada co tema do proxecto.Xogos dixitais:wordwall, Abcya Otempo. Os días da semana.Os números.As cores. O alfabeto</p>	10	5	X		
3	Christmas IS HERE	<p>Escoller tres cancións sinxelas e populares de Nadal.Vocabulario sinxelo relacionado (nadal,xoguetes) escoitar, cantar, dramatizar.</p> <p>Video clip feito polo alumnado coas cancións aprendidas e con felicitacións de Nadal.Escribir unha carta a santa completendo un modelo.</p> <p>Otempo. Os días da semana.Os números.As cores. O alfabeto</p>	10	5	X		
4	MY BODY	<p>Vocabulario sobre as partes do corpo. Accions relacionadas con elas.Seguir instrucións e ordes sinxelas.(Toca a cabeza, toca os xeonllos) Producir mensaxes orais relacionadas co corpo. Singular(1) e plural(+1)Xogo: "Head to arm" en parellas.Hábitos saudables de hixiene: ver video e contestar a preguntas de xeito oral.Good habits and bad habits. Memorizar e dramatizar un poema</p> <p>Otempo. Os días da semana.Os números.As cores. O alfabeto</p>	10	9		X	
5	ANIMALS	<p>Aprender nomes de animais e accións que realizan.Falar sobre si mesmos expresando habilidades usando can and can't (nadar, correr, saltar, andar, escalar.)</p> <p>Storytelling : " Brown bear, brown bear what do you see?" by Eric Carle .Canción relacionada co tema: Yes, I can!Performing actions: Simon says....Xogos dixitais.</p> <p>Otempo. Os días da semana.Os números.As cores. O alfabeto</p>	10	8		X	
6	ST PATRICK'S DAY	<p>Vocabulario relacionado con St. Patrick.Ver video e explicar brevemente as orixes centrándose no Leprechaun,shamrock. Bingo. Xogar ao Parrot.What's missing?Is it a..?Yes, it is/ No, it isn't</p> <p>Otempo. Os días da semana.Os números.As cores. O alfabeto</p>	10	5		X	
7	HOW ARE YOU TODAY?	Vocabulario relacionado cos sentimentos.	15	12			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
7	HOW ARE YOU TODAY?	Preguntar e contestar How are you today? I'm...Storytelling: "The colour monster". Escoitar e repetir en gran grupo.Canción: How are you today? by Englishthroughmusicmadrid Otempo. Os días da semana.Os números.As cores. O alfabeto	15	12			X
8	Yummy!	Vocabulario relacionado coa comida que aparece na canción..Expresar I like e don't like. Conto:I like, I don't like" by Joshy's storytime productions.Listen and repeat. Memory game:What's next?.Xogo e canción:What's your favourite food? by ELT Music.Facer un mural representando : Healthy food and unhealthy food.Otempo. Os días da semana.Os números.As cores. O alfabeto	10	12			X
9	EASTER IS COMING!	Aprender vocabulario e accións relacionados con Easter.Aprender un poema curto sobre o Easter Bunny. Ver un video sobre esta festa e comparar as nosas tradicións coas anglosaxonas.Canción.Colorear un Easter Egg e describirlo aos compañeiros explicando as cores empregadas: My egg is...Facer unha Egg hunt na clase mediante o xogo Hot and Cold. O tempo. Os días da semana.Os números. As cores. O alfabeto	10	5			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	MY FAMILY	9

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1.1. - Recoñecer palabras habituais en textos orais e multimodais breves e sinxelos sobre temas actuais, cotiáns e frecuentes de relevancia persoal e próximos á súa experiencia, expresados de forma comprensible, clara, sinxela e directa, e en lingua estándar.	Recoñecer o 50% do vocabulario		
CA1.2 - Expresar oralmente frases curtas e sinxelas con información básica sobre asuntos cotiáns e de relevancia para o alumnado, utilizando de forma guiada recursos verbais e non verbais, recorrendo a modelos e estruturas previamente presentados e prestando atención ao ritmo, a acentuación e a entoación.	Nomear a todos os membros da súa familia diferenciando entre he e she		
CA1.3 - Aplicar estratexias básicas para producir mensaxes moi breves e sinxelos adecuados ás intencións comunicativas de forma guiada, usando, con axuda, recursos e apoios físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento.	Empregar a linguaxe non verbal para expresarse e comunicarse.		
CA1.4 - Imitar e participar de forma guiada en situacións interactivas elementais sobre temas cotiáns, preparadas previamente, a través de diversos soportes, apoiándose en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía cara ás producións das e dos demais.	Participar nas actividades de gran grupo e de pequeno grupo con pronunciación e entoación intelixible		
CA1.5 - Seleccionar e utilizar, sempre de forma guiada e en contornas próximas, estratexias elementais para saudar, despedirse e presentarse; expresar mensaxes simples e breves; e formular e contestar preguntas básicas para a comunicación.	Seleccionar e utilizar, de forma guiada e en contornas próximas, estratexias elementais para saudar e despedirse, pregunta cómo estás, pedir material, pedir axuda ou pedir para ir ao baño	TI	100
CA1.6 - Interpretar e explicar de forma guiada información básica axudando en dificultades de comprensión, con empatía e interese polas e polos interlocutores, apoiándose en diversos recursos e soportes.	Interpretar e explicar de forma guiada información básica axudando en dificultades de comprensión.		
CA2.1 - Comparar e contrastar similitudes e diferenzas evidentes entre distintas linguas de forma guiada, reflexionando sobre aspectos elementais do seu funcionamento.	Interpretar e explicar de forma guiada información básica axudando en dificultades de comprensión,.		
CA2.2 - Identificar e aplicar de forma moi guiada os coñecementos e estratexias básicas de mellora da súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira, con apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais.	Identificar e aplicar de forma moi guiada os coñecementos e estratexias básicas de mellora da súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira, coa axuda dos/as compañeiros/as e de soportes visuais		
CA2.3 - Identificar e explicar de maneira guiada progresos e dificultades elementais no proceso de aprendizaxe da lingua estranxeira.	Identificar e explicar de maneira guiada progresos e dificultades elementais no proceso de aprendizaxe da lingua estranxeira.		
CA3.1 - Mostrar interese pola comunicación intercultural, identificando e analizando, de forma guiada, as discriminacións, os prexuízos e os estereotipos máis comúns, en situacións cotiáns e habituais.	Valorar a comunicación intercultural dende o respecto e a empatía recoñecendoa como ferramenta de enriquecemento persoal.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Recoñecer e apreciar a diversidade lingüística e cultural relacionada coa lingua estranxeira, mostrando interese por coñecer os seus elementos culturais e lingüísticos elementais.	Recoñecer a importancia do coñecemento da lingua estranxeira como elemento de comunicación e de achegamento a outras persoas e culturas.		
CA1.1 - Recoñecer e interpretar palabras e expresións habituais en textos orais e multimodais breves e sinxelos sobre temas actuais, cotiáns e frecuentes de relevancia persoal e próximos á súa experiencia, expresados de forma comprensible, clara, sinxela e directa, e en lingua estándar.		Baleiro	0

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias para a adquisición da autoconfianza no uso da lingua estranxeira. - Funcións comunicativas elementais adecuadas ao ámbito e ao contexto: saudar, despedirse, presentar e presentarse; identificar algunhas características básicas de persoas, obxectos e lugares; responder con respostas sinxelas e concretas sobre cuestións cotiás; expresar o tempo (partes do día, días da semana, os meses e estacións do ano), a cantidade e o espazo en conceptos que manexan na lingua materna. - Funcións comunicativas elementais adecuadas ao ámbito e ao contexto: saudar, despedirse, presentar e presentarse - Responder con respostas sinxelas sobre as comidas que lles gustan ou non lles gustan - Expresar o tempo :días da semana. - Expresar o tempo : os meses . - Expresar o tempo :estacións do ano. - Identificar os hábitos saudables e non saudables - Léxico básico elemental relativo a relacións persoais básicas, vivenda, lugares e contornos próximos de interese para o alumnado. - Identificar vocabulario relacionado coas comidas - Contestar de forma curta a preguntas que empezan con DO..? - Iniciación a patróns elementais sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación. - Convencións e estratexias de conversación elementais, para iniciar, manter e rematar a comunicación, tomar e ceder a palabra e preguntar e responder. - Ferramentas analóxicas e dixitais elementais para a comprensión e produción oral e multimodal. - Estratexias elementais para a comprensión e a produción de textos orais; textos escritos e multimodais, breves, sinxelos e contextualizados. - Modelos contextuais elementais na comprensión e produción de textos orais e multimodais, breves e sinxelos. - Unidades lingüísticas elementais e significados asociados a elas tales como expresión da entidade e as súas propiedades, cantidade e número, afirmación, exclamación, negación, interrogación. - Recursos, destrezas, actitudes e situacións elementais que permiten iniciarse en actividades de mediación lingüística en situacións cotiás básicas. - Estratexias e técnicas elementais de compensación das carencias comunicativas e das limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas demais linguas do repertorio lingüístico propio (xestos, mímica...).

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias elementais para identificar e utilizar unidades lingüísticas (léxico, fonemas similares, patróns sonoros) a partir da comparación das linguas que conforman o repertorio lingüístico persoal. - Comunicación e relación con persoas doutros países a través da lingua estranxeira. - Aspectos elementais socioculturais e sociolingüísticos máis representativos relativos aos costumes, á vida cotiá e ás relacións interpersoais básicas en países nos que se fala a lingua estranxeira. - Estratexias moi básicas de uso común para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos. - Iniciación nas estratexias básicas de detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.

UD	Título da UD	Duración
2	HALLOWEEN	5

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1.1. - Recoñecer palabras habituais en textos orais e multimodais breves e sinxelos sobre temas actuais, cotiáns e frecuentes de relevancia persoal e próximos á súa experiencia, expresados de forma comprensible, clara, sinxela e directa, e en lingua estándar.	Recoñece palabras habituais en textos orais breves e sinxelos sobre temas actuais, cotiáns e frecuentes.	TI	100
- Mecanismos básicos de cohesión e coherencia textual para producir textos escritos e multimodais sinxelos en distintos soportes, desde as diferentes etapas do proceso evolutivo da escritura, axustándose a modelos dados.
- Estratexias básicas de recoñecemento da intención comunicativa.
- Procedementos elementais de adquisición de vocabulario galego e relación de significado entre unhas palabras e outras.

UD	Título da UD	Duración
2	Ratos na escola	50

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Ler en voz alta textos sinxelos de carácter infantil e identificar o sentido global do texto.	Ler en galego.	TI	100
CA3.2 - Desenvolver estratexias para a comprensión lectora de textos axeitados ao nivel: título e ilustracións.	Escribir o título do libro e explicar as súas ilustracións en galego.		
CA3.3 - Comprender o sentido global de distintos tipos de textos adaptados á súa idade, valorando a lectura como medio de adquisición de vocabulario, como gozo persoal, a partir de estratexias básicas de comprensión antes, durante e despois da lectura.	Comprender o conto.		
CA3.4 - Analizar, de maneira acompañada, o contido de textos escritos sinxelos axeitados ao seu nivel e os aspectos formais e non verbais de textos infantís sinxelos.	Analizar cuestións específicas do conto.		
CA3.5 - Empregar a lectura de textos infantís sinxelos, en lingua galega, para favorecer unha comunicación máis eficaz, aplicando os coñecementos básicos respecto do vocabulario e das regras de ortografía.	Prestar atención ás regras ortográficas en galego.		
CA3.6 - Adquirir o hábito lector e o gusto pola lectura a través da lectura de textos axeitados ao nivel.	Adquirir gusto pola lectura en galego.		
CA3.7 - Elaborar, con axuda, textos escritos e multimodais sinxelos, en lingua galega, propios do ámbito escolar e textos infantís breves e sinxelos a partir de modelos dados, mobilizando, de maneira acompañada, estratexias elementais, individuais ou grupais, de planificación, textualización e revisión.	Escribir textos en galego.		
CA3.8 - Coñecer, de forma xeral e acompañada, a organización e funcionamento das bibliotecas de aula e de centro, amosando interese por formar unha pequena biblioteca propia con textos tradicionais da literatura galega.	Coñecer o funcionamento da biblioteca do centro.		
CA3.9 - Construír, a través da linguaxe e de forma progresiva, un pensamento crítico non discriminatorio.	Ter unha opinión acerca do emprego do galego.		
CA3.10 - Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios, identificados a partir da reflexión grupal acompañada sobre os aspectos elementais da comunicación, tendo en conta unha perspectiva de xénero.	Rexeitar actitudes discriminatorias fronte ao uso do galego.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

Contidos

- Contexto
- Estratexias para a planificación e produción de textos básicos, en lingua galega, axeitados a súa idade (normas, contos...).
- Incidencia dos compoñentes (situación e participantes) no acto comunicativo.
- Xéneros discursivos
- Estratexias para a adquisición de destrezas elementais sobre xéneros discursivos propios do ámbito persoal, social e educativo (contido e forma).
- Elementos básicos de contido (tema, fórmulas fixas).
- Estratexias para a comprensión lectora de textos, da literatura galega, axeitados ao nivel: título e ilustracións.
- Procesos: comprensión lectora
- Lectura en voz alta con entoación e ritmo progresivamente adecuados ao nivel cognitivo.
- Elementos gráficos e paratextuais sinxelos que facilitan a comprensión antes, durante e despois da experiencia lectora.
- Estratexias básicas para adquisición de habilidades en procesos de comprensión de textos sinxelos en lingua galega.
- Valoración da lectura de textos sinxelos, especialmente en lingua galega, como medio para ampliar o vocabulario, aplicando os coñecementos básicos das normas ortográficas.
- Lectura guiada de textos adecuados aos intereses infantís para acadar progresivamente a expresividade.
- Uso da biblioteca de aula ou do centro como recurso para a adquisición do hábito lector a través da lectura de textos axeitados ao nivel.
- Inicio no coñecemento básico respecto da organización e funcionamento das bibliotecas de aula e de centro e na creación dunha biblioteca propia e persoal con textos da literatura galega.
- Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica.
- Procesos: produción escrita
- Adquisición progresiva da lectoescritura.
- Estratexias básicas para a comprensión ou produción de textos sinxelos de uso social.
- Elementos gráficos e paratextuais sinxelos, como as ilustracións, que facilitan a comprensión do texto.
- Estratexias básicas para a mellora da expresión escrita en lingua galega.
- Iniciación na produción de textos escritos básicos en galego a partir dunha planificación guiada con coherencia e coidando a presentación, mobilizando, de maneira acompañada, estratexias elementais, individuais ou grupais, de planificación, textualización e revisión.
- Valoración da propia produción escrita, así como a produción escrita dos compañeiros e compañeiras.
- Iniciación nas regras ortográficas básicas, con especial atención ao uso do punto e das maiúsculas.
- Uso dunha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.

UD	Título da UD	Duración
3	Somos escritores	40

Cráterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Localizar, seleccionar e contrastar información de distintas fontes, incluídas as dixitais, citándoas e recreándoas mediante a adaptación creativa de modelos dados.	Buscar información en galego.		
CA4.2 - Compartir os resultados dun proceso de investigación grupal sinxelo, sobre algún tema de interese persoal, realizado de maneira acompañada, que implique a selección de distintas fontes documentais para a procura da información.	Compartir a información que se obtén co resto do equipo.		
CA4.3 - Coñecer, de xeito guiado, o funcionamento da biblioteca de aula ou do centro.	Coñecer o uso da biblioteca do centro.		
CA4.4 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable das tecnoloxías dixitais en relación coa busca e a comunicación da información, utilizando, de xeito guiado, programas e aplicacións educativas.	Uso de fontes dixitais para a procura de información sobre escritores galegos.		
CA4.5 - Construír a identidade lectora a partir de lecturas de textos de diferentes fontes.	Construír a identidade lectora.		
CA4.6 - Colaborar en comunidades lectoras de ámbito escolar a través de experiencias de lectura compartida.	Colaborar en comunidades lectoras.		
CA5.1 - Ler de maneira acompañada textos de distintos autores e autoras da literatura galega, acordos cos seus gustos e intereses, tendo en conta as diferentes etapas do proceso evolutivo da lectura.	Ler en galego textos de escritores galegos.	TI	100
CA5.2 - Compartir oralmente e de forma acompañada a experiencia da lectura e o seu gozo, participando en comunidades lectoras de ámbito escolar.	Expresar oralmente en galego se lle gusta, ou non, determinados textos escritos en galego.		
CA5.3 - Apreciar o valor de textos literarios sinxelos (contos, lendas, fábulas, relatos) en calquera lingua, especialmente en lingua galega, como fonte de lecer e de gozo persoal.	Expresar gusto polas lendas traidicionais en galego.		
CA5.4 - Identificar a biblioteca da aula ou de centro como escenario de actividades literarias elementais compartida.	Participar en actividades propostas dende a biblioteca do centro.		
CA5.5 - Reproducir, de xeito acompañado, e a partir de modelos dados, textos literarios sinxelos.	Reproducir textos en galego.		
CA5.6 - escoitar e ler textos orais e escritos da literatura infantil, especialmente en lingua galega, que recollan diversidade de autores e autoras, establecendo de maneira acompañada relacións elementais entre eles e con outras manifestacións artísticas e culturais.	escoitar con atención textos sobre escritores galegos.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.7 - Interpretar textos e obras variadas da literatura infantil adecuadas ao nivel e intereses (contos, lendas e adiviñas), recoñecéndooas como fonte de pracer e inspiración para a creación de textos de intención literaria.	Comprensión de textos escritos en galego e traballo sobre os mesmos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias básicas para o inicio guiado na procura da localización, selección e contraste de información sinxela e na comparación da información recollida de distintas fontes, citándoas e recreándoas mediante a adaptación creativa de modelos dados. - Valoración da elaboración e comunicación da información recollida de fontes sinxelas. - Modelos explícitos para comunicar a información. - Utilización da biblioteca e dos recursos dixitais da aula ou do centro. - Utilización das tecnoloxías da información e da comunicación para a procura de información, adoptando hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable. - Recoñecemento de forma acompañada da autoría de escritores e escritoras galegos e galegas. - Construción da identidade lectora a partir da lectura de textos de diversas fontes de información. - Colaboración en comunidades lectoras escolares a través de experiencias lectoras compartidas. - Lectura acompañada de obras sinxelas e variadas da literatura infantil, especialmente en lingua galega, adecuadas aos seus intereses. - Lectura expresiva, dramatización ou interpretación de fragmentos sinxelos atendendo aos procesos de comprensión e ao nivel de desenvolvemento. - Inicio na construción da identidade lectora mediante a lectura de breves textos literarios, adaptados á idade. Expresión de gustos e intereses. - Estratexias básicas para a lectura e interpretación acompañada e compartida de textos, participando nas comunidades lectoras de ámbito escolar. - Funcionamento elemental da biblioteca da aula ou de centro como escenario de actividades literarias elementais compartidas. - Coñecemento e lectura guiada de textos literarios sinxelos en galego e de contos tradicionais como fonte de lecer e gozo persoal. - Comprensión, memorización e recitado de poemas sinxelos. - Creación de breves relatos e contos infantís en galego, a partir de modelos básicos, coidando a limpeza e a presentación. - Relación dos textos lidos da literatura infantil galega con outras manifestacións artísticas e culturais. - Estratexias para a interpretación acompañada e compartida de obras sinxelas en galego, a través de conversacións dirixidas.

4.1. Concrecións metodolóxicas

No tocante ao aspecto metodolóxico, a presente Programación Didáctica, remítese en primeira instancia as liñas de actuación reflectidas no currículo, as cales se levarán a cabo ao longo do curso. As diferentes unidades didácticas permitirán, no seu conxunto, o traballo da totalidade dos contidos do currículo, así como dos elementos transversais.

A aprendizaxe é significativa, posto que o alumando constrúe os seus coñecementos a través da presentación dos contidos en forma de estímulos. Estes estímulos, os contidos, parten sempre da realidade do alumnado, estando relacionados con cuestións que poden observar na súa vida cotiá.

A aprendizaxe desta materia conleva a posta en práctica dunha actitude proactiva, en canto a empregar o galego, de maneira escrita e sobre todo oral. Nalgunhas ocasións, poñerase en práctica a aprendizaxe cooperativa, que conleva a resolución de problemas de maneira grupal, aportando cada un dos membros diferentes ideas.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Encerado dixital
Ordenador da aula
Fichas de actividades
Fichas de ampliación e reforzo
Lápiz e goma
Ceras de cores, rotuladores, tesoiras e pegamento
Libros da biblioteca da aula e da biblioteca escolar
Materiais do rincón da lectoescritura, todos eles manipulativos, que contemplan o desenvolvemento da linguaxe oral, conciencia fonolóxica e grafomotricidade
Contos mencionados na relación de unidades didácticas

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial lévase a cabo durante as primeiras semanas do curso. Durante este periodo, se realizan probas para comprobar cal é o nivel do que parte o alumnado en canto á competencia lingüística e matemática. Asemesmo, tamén é unha avaliación de carácter observacional, o cal permite comprobar o grao de desenvolvemento na execución do alumnado en cuestións que implican a estas competencias.

Unha vez obtidas as conclusións, a información recollida se traslada a unha reunión de avaliación inicial, para poñer en coñecemento do Departamento de Orientación a posible existencia de dificultades e a necesidade de ofrecer a algúns alumnos ou alumnas unha atención máis individualizada.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	35	35	30	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100

Criterios de cualificación:

Á hora de establecer os criterios de cualificación da materia, debemos ter en conta os instrumentos de avaliación marcados nesta programación, as táboas de indicadores, que permiten valorar diferentes cuestións.

Non se realizarán exames formais como tal, pero se terá en conta é a realización do traballo diario, combinado con tarefas realizadas cada certo tempo que permitirán coñecer o progreso do alumnado. As táboas de indicadores son rúbricas cunha porcentaxe marcada para cada criterio de avaliación en cada unidade. A través destas táboas, avaliaranse os criterios de avaliación que se indican, así como o respecto polos compañeiros, a capacidade de seguir uns pasos ou unhas instrucións e o grao de responsabilidade na execución dos pequenos proxectos.

Para o cálculo da nota de cada avaliación terase en conta a seguinte fórmula:

- Nota primeira avaliación: Nota UD1
- Nota segunda avaliación: Nota UD2
- Nota terceira avaliación: Nota UD3

Para o cálculo da nota final de xuño, se fará a media aritmética das notas das tres avaliacións.

Para o cálculo da nota de cada unidade, utilizaranse as seguintes porcentaxes:

UNIDADE 1: Exercicios orais/ escritos da aula deseñados para avaliar cuestións específicas da unidade: 70%.
Realización /
Exposición de pequenos proxectos: 30%

UNIDADE 2: Exercicios orais/ escritos da aula deseñados para avaliar cuestións específicas da unidade: 70%.
Realización /
Exposición de pequenos proxectos: 30%

UNIDADE 3: Exercicios orais/ escritos da aula deseñados para avaliar cuestións específicas da unidade: 70%.
Realización /
Exposición de pequenos proxectos: 30%

Criterios de recuperación:

Aquel alumnado que obteña unha valoración negativa nun trimestre deberá recuperar a materia atendendo os seguintes criterios de recuperación.

Atendendo a esta casuística, realizará unha serie de tarefas que versarán sobre os contidos traballados que serán entregadas e avaliadas polo profesorado, as cales terán un peso do 100% da cualificación final.

6. Medidas de atención á diversidade

A realidade existente na aula é diversa, e por esta razón, cómpre ter en conta as diferentes casuísticas da clase. Neste sentido, se terán en conta as conclusións obtidas tras a realización da avaliación inicial, pero tamén todas aquelas observacións que xurdan no día a día da clase.

A aula contará con apoio de dispoñibilidade horaria que se focalizará naquel alumnado que presente máis dificultades para rematar as tarefas ou que presenten un menor grao de autonomía. Asemesmo, dende o Departamento de Orientación, de darse o caso de que na aula existisen necesidades específicas de apoio educativo, se ofrecerán as orientación e apoios necesarios.

Na aula de 1º A planifícanse rincóns con xogos manipulativos de reforzo e ampliación para todos aqueles e aquelas que rematen o traballo marcado en cada sesión. Por outra banda, se ofrecerán tamén materiais escritos de ampliación para todo este alumnado.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X
ET.5 - Fomento da creatividade, espírito científico e emprendemento	X	X	X
ET.6 - Igualdade entre homes e mulleres	X	X	X
ET.7 - Educación para a paz e prevención e resolución pacífica de conflitos	X	X	X
ET.8 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible	X	X	X
ET.9 - Educación para a saúde	X	X	X

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición
Visita dun escritor dun libro en lingua galega	O escritor contará o conto en galego e realizaranse varios xogos relacionados coa lectura

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Utilidade da programación tendo en conta o seu grao de cumprimento
Grao de coherencia entre obxectivos e contidos
Adecuación das actividades programadas
Utilidade dos recursos destinados a esta materia
Papel do docente

Descrición:

A maneira de avaliar estas cuestións será analizando o grao de cumprimento de todas as cuestións descritas na programación. Terá lugar ao remate de cada trimestre.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Tralo remate de cada trimestre, revisarase a presente Programación. Nesta revisión, se terán en conta os seguintes puntos:

- Reunións trimestrais do equipo docente de coordinación de ciclo
- No relativo ás Unidades Didácticas, data de inicio e fin. Número de sesión previstas e as finalmente realizadas.
- Grao de cumprimento xeral da programación
- Propostas xerais de mellora e outras observacións

As modificacións da programación quedarán reflectidas na memoria, que se realizará a final de curso e servirá como proposta de mellora para o próximo curso.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36006407	CEIP Plurilingüe Froebel	Pontevedra	2022/2023

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Matemáticas	1º Pri.	5	175

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	12
4.2. Materiais e recursos didácticos	12
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	13
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	13
6. Medidas de atención á diversidade	14
7.1. Concreción dos elementos transversais	14
7.2. Actividades complementarias	15
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	15
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	15
9. Outros apartados	15

1. Introducción

Esta programación didáctica está pensada para ser levada a cabo dende a área de Matemáticas nun centro público de educación infantil e primaria, situado na área urbana de Pontevedra. Este centro é de liña un en educación infantil, primeiro, segundo e cuarto de educación primaria. Por outra banda, é de liña dous nos restantes cursos: terceiro, quinto e sexto de primaria.

O alumnado para o cal se elabora a presente programación atópase no primeiro curso da etapa. Todos eles son nados no ano 2016, polo que contan a maioría deles con 6 anos de idade. O grupo está conformado por un total de 25 nenos e nenas, cun total de 12 nenas e 13 nenos.

A aula conta cun recuncho de traballo lóxico-matemático, no cal se ofrecen actividades de reforzo e de ampliación, así como material complementario para todo o alumnado que remata a tarefa programada na sesión. Este tipo de material é de natureza manipulativa e permite levar a cabo actividades tan importantes como o conteo, e operacións de engadir e restar.

Nesta materia se traballarán de forma transversal os diferentes contidos que figuran no presente currículo, co obxectivo de que o alumnado adquira conceptos, destrezas e actitudes relacionadas coa competencia matemática. Todo isto, tendo moi en conta cuestións como as emocións que esta materia provoca no alumnado, e o sentido útil de aplicación na vida diaria e o emprego do pensamento matemático na resolución de problemas relacionados tamén con cuestións cotiás.

Todo isto levarase a cabo nun total de catro unidades didácticas que conforman esta programación, a primeira delas está pensada para ser levada a cabo no primeiro trimestre; a segunda e a terceira, no segundo trimestre; e a cuarta e derradeira unidade, no terceiro trimestre.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Interpretar situacións da vida cotiá proporcionando unha representación matemática destas mediante conceptos, ferramentas e estratexias, para analizar a información máis relevante.			1-2-4	2	5		1-3	4
OBX2 - Resolver situacións problematizadas, aplicando diferentes técnicas, estratexias e formas de razoamento, para explorar distintas maneiras de proceder, obter solucións e asegurar a súa validez desde un punto de vista formal e en relación co contexto exposto.			1-2		4-5		3	
OBX3 - Explorar, formular e comprobar conxecturas sinxelas ou formular problemas de tipo matemático en situacións baseadas na vida cotiá, de forma guiada, recoñecendo o valor do razoamento e a argumentación, para contrastar a súa validez, adquirir e integrar novo coñecemento.	1		1-2	1-3-5			3	
OBX4 - Utilizar o pensamento computacional, organizando datos, descompoñendo en partes, recoñecendo patróns, xeneralizando e interpretando, modificando e creando algoritmos de forma guiada, para modelizar e automatizar situacións da vida cotiá.			1-2-3	1-3-5			3	

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX5 - Recoñecer e utilizar conexións entre as diferentes ideas matemáticas, así como identificar as matemáticas noutras áreas ou na vida cotiá, interrelacionando conceptos e procedementos, para interpretar situacións e contextos diversos.			1-3	3-5		4		1
OBX6 - Comunicar e representar, de forma individual e colectiva, conceptos, procedementos e resultados matemáticos, utilizando a linguaxe oral, escrito, gráfico, multimodal e a terminoloxía matemática apropiados, para dar significado e permanencia ás ideas matemáticas.	1-3		2-4	1-5			3	4
OBX7 - Desenvolver destrezas persoais que axuden a identificar e xestionar emocións ao enfrontarse a retos matemáticos, fomentando a confianza nas propias posibilidades, aceptando o erro como parte do proceso de aprendizaxe e adaptándose ás situacións de incerteza, para mellorar a perseveranza e gozar na aprendizaxe das matemáticas.			5		1-4-5		2-3	
OBX8 - Desenvolver destrezas sociais, recoñecendo e respectando as emocións, as experiencias das e dos demais e o valor da diversidade, participando activamente en equipos de traballo heteroxéneos, mixtos e diversos con roles asignados, para construír unha identidade positiva como estudante de matemáticas, fomentar o benestar persoal e crear relacións saudables.	5	3	3		1-3	2-3		

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Un país cheo de números	Nesta primeira unidade se traballarán os números. Se persegue que o alumnado sexa quen de contar, representar, comparar e ordear os números. Asemesmo, se traballará o valor posicional, (unidade e decena) e operacións simples.	35	60	X		
2	Imos de compras	Se continuará o traballo cos números, ampliando o coñecemento dos números ata o 99, de maneira progresiva e realizando as mesmas accións con eles que na unidade anterior. Os números tamén servirán para traballar coas moedas e a súa utilidade en situación de compras.	20	30		X	
3	Chefs de primeiro	Para o desenvolvemento desta segunda unidade, o alumnado traballará o concepto da medida, empregando para isto aparellos, pero tamén medindo por estimación. Se traballará coa lonxitude/	15	30		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
3	Chefs de primeiro	masa e capacidade, sempre relacionando estas cuestións co seu uso na vida cotiá. En canto a estimación, teranse en conta o uso do palmo/pé/cullerada. Asemesmo, se incidirá no traballo da medida do tempo.	15	30		X	
4	A arte do espazo que nos rodea: Kandinsky	O alumnado traballará a xeometría, (figuras de dúas e tres dimensións), así como as liñas que as forman, (abertas e pechadas/rectas e curvas). Asemesmo, traballarase na súa propia orientación espacial. Todo isto, da man das obras do pintor Wassily Kandinsky.	30	55			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Un país cheo de números	60

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Participar respectuosamente no traballo en equipo, establecendo relacións saudables baseadas no respecto, a igualdade e a resolución pacífica de conflitos.	Participar no traballo en equipo atendendo ás normas.	TI	100
CA1.2 - Comprender as preguntas expostas a través de diferentes estratexias ou ferramentas, recoñecendo a información contida en problemas da vida cotiá.	Recoñecer situacións da vida cotiá onde son necesarias as matemáticas.		
CA1.3 - Proporcionar exemplos de representacións de situacións problematizadas sinxelas con recursos manipulativos e gráficos que axuden na resolución dun problema da vida cotiá.	Representar situacións numéricas con materiais manipulativos: regletas, bloques multibase, palillos...		
CA1.4 - Empregar algunhas estratexias adecuadas na resolución de problemas.	Plantexar unha operación para tentar resolver un problema		
CA1.5 - Obter posibles solucións a problemas, de forma guiada, aplicando estratexias básicas de resolución.	Aportar unha posible solución para resolver un problema ou exercicio.		
CA1.6 - Realizar conxecturas matemáticas sinxelas investigando patróns, propiedades e relacións de forma guiada.	Ser quen de continuar unha serie numérica.		
CA1.7 - Recoñecer as matemáticas presentes na vida cotiá e noutras áreas, establecendo conexións sinxelas entre elas.	Propocionar algún exemplo dunha situación da vida cotiá onde sexa necesario o conteo.		
CA1.8 - Explicar ideas e procesos matemáticos sinxelos, os pasos seguidos na resolución dun problema ou os resultados matemáticos de forma verbal ou gráfica.	Representar unha suma por medio de materiais manipulativos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Cálculo - Estratexias de cálculo e reconto a partir da vivencia, manipulación e representación en situacións cotiás con cantidades ata o 99 con explicación dos procesos. - Cantidade - Estimación razoada de cantidades ata o 99 en problemas cotiás con estratexias variadas, descrición da idoneidade das solucións e aceptación do erro como parte do proceso de mellora. - Composición, descomposición e equivalencias entre os números dunha cifra para descubrir propiedades e relacións entre cantidades. Explicación do proceso. - Identificación, lectura, escritura e representación en recta numérica, ábaco, regras con obxectos cotiás de números naturais ata o 99. - Representación dunha mesma cantidade de distintas formas (manipulativa, gráfica ou numérica) e elección da representación adecuada para cada situación, reto ou problema da vida cotiá. - Sentido das operacións. - Estratexias de cálculo mental de sumas e restas con números naturais ata o 99 en contextos significativos, explicación oral das estratexias seguidas e valoración do erro como parte da aprendizaxe. - Resolución de problemas da vida cotiá de forma individual e en equipo que impliquen a comprensión da utilidade das sumas e restas e o uso de forma guiada dos procesos adecuados. - Procesos para a resolución de problemas: interpretación e representación da situación, determinación de datos útiles, hipóteses de resolución, contraste de puntos de vista, realización de operacións, verificación e idoneidade do resultado e explicitación do proceso seguido. - Relacións - Sistema de numeración de base dez para a súa aplicación na comprensión do valor posicional das cifras dos números (ata o 99) e a súa aplicación nas operacións de suma e resta. - Comparación e ordenación de números cardinais (ata o 99) e ordinais (ata o 5º) como solución de problemas de situacións cotiás. - Estratexias manipulativas e gráficas para relacionar as operacións de suma e resta aplicadas a contextos cotiás de forma guiada. - Educación financeira - Situacións de compra e venda en xogos en equipo e nas que se utilicen diferentes combinacións de moedas e billetes do sistema monetario da UE.

UD	Título da UD	Duración
2	Imos de compras	30

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Recoñecer as emocións básicas propias ao abordar novos retos matemáticos, pedindo axuda só cando sexa necesario.	Ter unha actitude positiva ante o planteamento do traballo da materia.	TI	100
CA4.2 - Proporcionar exemplos de representacións de situacións problematizadas sinxelas con recursos manipulativos e gráficos que axuden na resolución dun problema da vida cotiá.	Representar con recursos manipulativos un problema.		
CA4.3 - Empregar algunhas estratexias adecuadas na resolución de problemas.	Identificar a operación correcta para a resolución dun problema.		
CA4.4 - Obter posibles solucións a problemas, de forma guiada, aplicando estratexias básicas de resolución.	Escoller entre dous resultados posibles para un problema.		
CA4.5 - Realizar conxecturas matemáticas sinxelas investigando patróns, propiedades e relacións de forma guiada.	Aplicar estratexias de resolución dun problema noutros exercicios.		
CA4.6 - Describir rutinas e actividades sinxelas da vida cotiá que se realicen paso a paso, utilizando principios básicos do pensamento computacional de forma guiada.	Identificar algunha das operacións básicas necesarias para mercar.		
CA4.7 - Recoñecer conexións entre os diferentes elementos matemáticos aplicando coñecementos e experiencias propios.	Recoñecer a conexión entre as operacións matemáticas de suma e resta e o seu uso nas transaccións de compra.		
CA4.8 - Explicar ideas e procesos matemáticos sinxelos, os pasos seguidos na resolución dun problema ou os resultados matemáticos de forma verbal ou gráfica.	Coñecer a suma como operación para engadir cousas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Patróns - Estratexias guiadas para a identificación das regularidades nunha colección de números, figuras ou imaxes en situacións cotiás. - Modelo matemático - Modelización guiada do proceso de resolución de problemas da vida cotiá con debuxos, esquemas, diagramas, material manipulativo e dramatizacións. - Relacións e funcións - Expresión de relacións de igualdade e desigualdade entre obxectos, números e operacións no contexto cotián e a súa translación á linguaxe matemática cos signos = e ?. - Obtención dun dato descoñecido en relacións de igualdade sinxelas e en retos matemáticos, con comprobación de que o resultado obtido é correcto. - Pensamento computacional - Interpretación de algoritmos sinxelos en situacións cotiás (rutinas diarias, instrucións por pasos ou fases ordenadas) con emprego de estratexias básicas guiadas.

UD	Título da UD	Duración
3	Chefs de primeiro	30

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Aceptar a tarefa e rol asignado no traballo en equipo, cumprindo coas responsabilidades individuais e contribuíndo á consecución dos obxectivos do grupo.	Responsabilizarse do seu traballo en equipo, amosando unha actitude proactiva.	TI	100
CA2.2 - Obter posibles solucións a problemas, de forma guiada, aplicando estratexias básicas de resolución.	Tentar obter unha medida aplicando algún tipo de estimación.		
CA2.3 - Describir verbalmente a idoneidade das solucións dun problema a partir das preguntas previamente expostas.	Coñecer algun instrumento de medida.		
CA2.4 - Dar exemplos de problemas a partir de situacións cotiás que se resolven matematicamente.	Recoñecer a medida de obxectos da vida cotiá.		
CA2.5 - Recoñecer conexións entre os diferentes elementos matemáticos aplicando coñecementos e experiencias propios.	Recoñecer as cifras cando realiza medicións.		
CA2.6 - Recoñecer as matemáticas presentes na vida cotiá e noutras áreas, establecendo conexións sinxelas entre elas.	Recoñecer as medidas de obxectos da vida cotiá.		
CA2.7 - Recoñecer linguaxe matemática sinxela presente na vida cotiá, adquirindo un vocabulario específico básico.	Coñecer algunha unidade de medida.		
CA2.8 - Explicar ideas e procesos matemáticos sinxelos, os pasos seguidos na resolución dun problema ou os resultados matemáticos de forma verbal ou gráfica.	Coñecer os pasos para realizar unha medición.		
CA5.1 - Expresar actitudes positivas ante novos retos matemáticos, valorando o erro como unha oportunidade de aprendizaxe.	Ter unha actitude positiva na realización de actividades matemáticas.		
CA5.2 - Comprender as preguntas expostas a través de diferentes estratexias ou ferramentas, recoñecendo a información contida en problemas da vida cotiá.	Comprender as preguntas realizadas.		
CA5.3 - Empregar algunhas estratexias adecuadas na resolución de problemas.	Empregar estratexias adecuadas na resolución de problemas.		
CA5.4 - Obter posibles solucións a problemas, de forma guiada, aplicando estratexias básicas de resolución.	Identificar resultados incoherentes.		
CA5.5 - Recoñecer as matemáticas presentes na vida cotiá e noutras áreas, establecendo conexións sinxelas entre elas.	Recoñecer as medidas na vida cotiá.		
CA5.6 - Recoñecer linguaxe matemática sinxela presente na vida cotiá, adquirindo un vocabulario específico básico.	Empregar o nome dalgunha unidade de medida de forma oral.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.7 - Explicar ideas e procesos matemáticos sinxelos, os pasos seguidos na resolución dun problema ou os resultados matemáticos de forma verbal ou gráfica.	Explicar a forma de obtención dunha medida.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Magnitude <ul style="list-style-type: none"> - Identificación e exemplificación de características mensurables dos obxectos (lonxitude, masa, capacidade), distancias e tempos mediante a observación da realidade próxima. - Identificación de unidades non convencionais (palmo, pé, paso, cullerada, puñado, chisco) presentes no seu contexto próximo. - Identificación de unidades convencionais (metro, centímetro, quilogramo, gramo, litro) presentes no seu contexto vivencial. - Identificación, ordenación e clasificación das unidades de medida do tempo (ano, estación, mes, semana, día e hora) en situacións cotiás persoais e sociais. - Construción do calendario para a comprensión das conexións entre diferentes unidades de tempo. - Utilización das medidas de tempo no relato das súas experiencias e na xestión das emocións (tempos de espera e momentos de calma). - Medición <ul style="list-style-type: none"> - Medición individual e en equipo para experimentar con medidas non convencionais mediante repetición da mesma unidade en situacións diversas da vida cotiá. - Medición individual e en equipo con instrumentos non convencionais e convencionais (regras, cintas métricas, balanzas, xerras graduadas, calendarios, reloxos) para resolver problemas cotiás e achegarse á medición eficaz. Explicación verbal e gráfica do proceso seguido: selección de instrumento, precisión na medida e uso correcto de unidades. - Estimación e relacións <ul style="list-style-type: none"> - Resolución de problemas cotiás que requiran estratexias de comparación directa e ordenación de medidas da mesma magnitude. Explicación oral do proceso seguido e da estratexia usada. - Estimación de medidas (distancias, alturas, masas, capacidades) por comparación directa con outras medidas en contextos de resolución de problemas cotiás, análises dos acertos e dos erros como parte do proceso de aprendizaxe. - Organización e análise de datos <ul style="list-style-type: none"> - Reconto de datos da vida cotiá (temporais, meteorolóxicos, persoais e escolares) para representar manipulativa e graficamente o resultado, mediante recursos variados como obxectos cotiás, imaxes, regras, policubos, encaixables, bloques, pezas de construción. - Resolución de problemas en equipo relacionados co contexto próximo mediante o emprego de estratexias manipulativas para a recollida, clasificación, reconto de datos cualitativos en mostras pequenas e representación dos datos obtidos no reconto mediante gráficos estatísticos sinxelos. - Incerteza <ul style="list-style-type: none"> - Distinción entre un suceso posible e imposible nun ámbito lúdico e cotián.

UD	Título da UD	Duración
4	A arte do espazo que nos rodea: Kandinsky	55

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Participar respectuosamente no traballo en equipo, establecendo relacións saudables baseadas no respecto, a igualdade e a resolución pacífica de conflitos.	Ter unha actitude proactiva e respetuosa no traballo en equipo.	TI	100
CA3.2 - Realizar conxecturas matemáticas sinxelas investigando patróns, propiedades e relacións de forma guiada.	Recoñecer figuras xeométricas simples.		
CA3.3 - Describir rutinas e actividades sinxelas da vida cotiá que se realicen paso a paso, utilizando principios básicos do pensamento computacional de forma guiada.	Seguir os pasos indicados no exercicio.		
CA3.4 - Recoñecer conexións entre os diferentes elementos matemáticos aplicando coñecementos e experiencias propios.	Ser quen de recoñecer figuras xeométricas simples en obras de arte.		
CA3.5 - Recoñecer as matemáticas presentes na vida cotiá e noutras áreas, establecendo conexións sinxelas entre elas.	Recoñecer a presenza de figuras xeométricas na vida cotiá.		
CA3.6 - Recoñecer linguaxe matemática sinxela presente na vida cotiá, adquirindo un vocabulario específico básico.	Coñecer o nome das figuras xeométricas simples.		
CA3.7 - Explicar, ideas e procesos matemáticos sinxelos, os pasos seguidos na resolución dun problema ou os resultados matemáticos de forma verbal ou gráfica.	Explicar algún dos pasos realizados para a realización dun exercicio.		
CA6.1 - Recoñecer as emocións básicas propias ao abordar novos retos matemáticos, pedindo axuda só cando sexa necesario.	Ter iniciativa na realización do traballo.		
CA6.2 - Expresar actitudes positivas ante novos retos matemáticos, valorando o erro como unha oportunidade de aprendizaxe.	Ter unha actitude positiva na realización do traballo.		
CA6.3 - Participar respectuosamente no traballo en equipo, establecendo relacións saudables baseadas no respecto, a igualdade e a resolución pacífica de conflitos.	Participar no traballo en equipo.		
CA6.4 - Aceptar a tarefa e o rol asignados no traballo en equipo, cumprindo coas responsabilidades individuais e contribuíndo á consecución dos obxectivos do grupo.	Aceptar o rol asignado no traballo en equipo.		
CA6.5 - Realizar conxecturas matemáticas sinxelas investigando patróns, propiedades e relacións de forma guiada.	Ser quen de identificar figuras xeométricas nos materiais manipulativos aportados.		
CA6.6 - Recoñecer conexións entre os diferentes elementos matemáticos aplicando coñecementos e experiencias propios.	Escribir correctamente o nome das principais figuras xeométricas.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA6.7 - Recoñecer as matemáticas presentes na vida cotiá e noutras áreas, establecendo conexións sinxelas entre elas.	Recoñecer as figuras xeométricas presentes na vida cotiá.		
CA6.8 - Explicar ideas e procesos matemáticos sinxelos, os pasos seguidos na resolución dun problema ou os resultados matemáticos de forma verbal ou gráfica.	Explicar os pasos seguidos na realización do traballo en equipo.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Figuras xeométricas de dúas e tres dimensións - Identificación en contextos próximos do punto xeométrico, liñas abertas e pechadas, liñas rectas e curvas. - Descrición de obxectos cotiáns cun vocabulario xeométrico básico referido a figuras sinxelas (triángulo cadrado, rectángulo e círculo) e os seus elementos (lados e vértices). - Experimentación lúdica con figuras e elementos xeométricos para buscar regularidades, descubrir propiedades, comparar, compoñer, descompoñer e clasificar mediante materiais manipulables (xeoplanos, bloques xeométricos, mosaico de petiscos), con adestramento da constancia, perseveranza ante os retos e interese por descubrir. - Construción individual e en equipo de figuras xeométricas sinxelas con recursos funxibles e non funxibles como pezas de construción, bloques, xeoplanos, xogos de figuras... - Localización e sistemas de representación <ul style="list-style-type: none"> - Representación sinxela, desde a propia vivencia e a través do xogo, da localización persoal ou de obxectos no espazo físico cotián e os seus movementos con contraste en equipo dos resultados. - Descrición de posicións e movementos de obxectos e persoas no espazo con relación a un mesmo ou a puntos de referencia co vocabulario adecuado (arriba, abaixo, diante, detrás, preto, lonxe, á beira). Interpretación de mensaxes que conteñan esa información espacial con contraste en equipo dos datos e emprego do xogo como recurso. - Visualización, razoamento e modelización xeométrica - Construción de modelos sinxelos a partir de figuras xeométricas dadas. - Recoñecemento de elementos, figuras e relacións xeométricas na arte, contorna física, xogos e planos do seu contexto próximo. - Crenzas, actitudes e emocións <ul style="list-style-type: none"> - Clasificación e organización de imaxes de emocións como instrumento para identificar e recoller as emocións da aula ante as matemáticas. - Comprensión das emocións e técnicas de xestión a través de relatos de manexo de diversas situacións emocionais relacionadas coas matemáticas. - Os xogos matemáticos individuais en formato dixital, impreso e manipulativo como adestramento da perseveranza, confianza nas propias posibilidades e a superación persoal. - Os enigmas, adiviñas e retos matemáticos para incrementar a creatividade, curiosidade e gusto polas matemáticas. - Traballo en equipos heteroxéneos, mixtos e diversos: inclusión, respecto e diversidade <ul style="list-style-type: none"> - Identificación no propio traballo en equipo de actitudes inclusivas e non discriminatorias durante a realización das tarefas matemáticas. - Os equipos colaborativos e cooperativos: responsabilidade individual, interdependencia positiva, repartición equitativa e rotatoria de roles, respecto polas contribucións de todas as persoas membros do equipo.

Contidos

- Estratexias guiadas de organización do traballo en equipo para xestionar o tempo e a realización das tarefas.
- Recoñecemento de mulleres e homes no ámbito matemático ao longo da historia como mecanismo de construción dunha identidade positiva propia.

4.1. Concrecións metodolóxicas

No tocante ao aspecto metodolóxico, a presente Programación Didáctica, remítese en primeira instancia ás liñas de actuación reflectidas no currículo, as cales se levarán a cabo ao longo do curso. As diferentes unidades didácticas permitirán, no seu conxunto, o traballo da totalidade dos contidos do currículo, así como dos elementos transversais, dos obxectivos de etapa e están pensados para a consecución de cada un dos criterios de avaliación establecidos, ou cando menos os mínimos de consecución correspondentes de cara ao perfil de saída do alumnado ao remate da educación primaria.

A aprendizaxe é significativa, posto que o alumando constrúe os seus coñecementos a través da presentación dos contidos en forma de estímulos. Estes estímulos, os contidos, parten sempre da realidade do alumnado, estando relacionados con cuestións que pode observar na súa vida cotiá.

A aprendizaxe desta materia conleva un tipo de aprendizaxe dos contidos con axuda de recursos materiais manipulativos que permiten a representación. Conleva, en todos os casos, poñer en práctica unha actitude proactiva. Nalgunhas ocasións, poñerase en práctica a aprendizaxe cooperativa, que conleva a resolución de problemas de maneira grupal, aportando cada un dos membros do equipo diferentes solucións.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Encerado dixital
Ordenador da aula
Fichas de actividades
Fichas de ampliación e reforzo
Materiais manipulativos variados para os traballos de conteo, reconto, valor posicional, descomposición e operacións
Materias do rincón lóxico-matemático
Lápiz, goma, ceras de cores e rotuladores
Libro de texto

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial lévase a cabo durante as primeiras semanas do curso. Durante este periodo, se realizan probas para comprobar cal é o nivel do que parte o alumnado en canto á competencia lingüística e matemática. Asemesmo, tamén é unha avaliación de carácter observacional, o cal permite comprobar o grao de desenvolvemento na execución do alumnado en cuestións que implican estas competencias.

Unha vez obtidas as conclusións, a información recollida se traslada a unha reunión de avaliación inicial, para poñer en coñecemento do Departamento de Orientación a posible existencia de dificultades e a necesidade de ofrecer a algúns alumnos ou alumnas unha atención máis individualizada.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	35	20	15	30	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100	100

Criterios de cualificación:

Á hora de establecer os criterios de cualificación da materia, debemos ter en conta os instrumentos de avaliación marcados nesta programación, as táboas de indicadores, que permiten valorar diferentes cuestións.

Non se realizarán exames formais como tal, pero se terá en conta é a realización do traballo diario, combinado con tarefas realizadas cada certo tempo que permitirán coñecer o progreso do alumnado. As táboas de indicadores son rúbricas cunha porcentaxe marcada para cada criterio de avaliación en cada unidade. A través destas táboas, avaliaranse os criterios de avaliación que se indican, así como o respecto polos compañeiros, a capacidade de seguir uns pasos ou unhas instrucións e o grao de responsabilidade na execución dos pequenos proxectos.

Para o cálculo da nota de cada avaliación terase en conta a seguinte fórmula:

- Nota primeira avaliación: Nota UD1
- Nota segunda avaliación: Nota UD2 + Nota UD 3 / 2
- Nota terceira avaliación: Nota UD4

Para o cálculo da nota final de xuño, se fará a media aritmética das notas das tres avaliacións.

Para o cálculo da nota de cada unidade, teranse en conta as seguintes cuestións:

UNIDADE 1: Exercicios orais/ escritos da aula deseñados para avaliar cuestións específicas da unidade.

UNIDADE 2: Exercicios orais/ escritos da aula deseñados para avaliar cuestións específicas da unidade.

UNIDADE 3: Exercicios orais/ escritos da aula deseñados para avaliar cuestións específicas da unidade.

UNIDADE 4: Exercicios orais/ escritos da aula deseñados para avaliar cuestións específicas da unidade.

Criterios de recuperación:

Aquel alumnado que obteña unha valoración negativa nun trimestre deberá recuperar a materia atendendo aos criterios de recuperación que se desenvolven a continuación. Deberá realizar unha serie de tarefas que versarán sobre os contidos traballados que serán entregadas e avaliadas polo profesorado, as cales terán un peso do 100% da cualificación final.

6. Medidas de atención á diversidade

A realidade existente na aula é diversa, e por esta razón, cómpre ter en conta as diferentes casuísticas da clase. Neste sentido, se terán en conta as conclusións obtidas tras a realización da avaliación inicial, pero tamén todas aquelas observacións que xurdan no día a día da clase.

A aula contará con apoio de dispoñibilidade horaria que se focalizará naquel alumnado que presente máis dificultades para rematar as tarefas ou que presenten un menor grao de autonomía. Asemesmo, dende o Departamento de Orientación, de darse o caso de que na aula existisen necesidades específicas de apoio educativo, se ofrecerán as orientación e apoios necesarios.

Na aula de 1º A planifícanse rincóns con xogos manipulativos de reforzo e ampliación para todos aqueles e aquelas que rematen o traballo marcado en cada sesión. Por outra banda, se ofrecerán tamén materiais escritos de ampliación para todo este alumnado.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual			X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X	X
ET.5 - Fomento da creatividade, espírito científico e emprendemento	X	X	X	X
ET.6 - Igualdade entre homes e mulleres	X	X	X	X
ET.7 - Educación para a paz e prevención e resolución pacífica de conflitos	X	X	X	X
ET.8 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible	X	X	X	X
ET.9 - Educación para a saúde	X	X	X	X

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición
Visita ao mercado	Os alumnos visitarán o mercado para comprobar a utilidade das matemáticas na vida diaria.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Utilidade da programación tendo en conta o seu grao de cumprimento
Grao de coherencia entre obxectivos e contidos
Adecuación das actividades programadas
Utilidade dos recursos destinados a esta materia
Papel do docente

Descrición:

A maneira de avaliar estas cuestións será analizando o grao de cumprimento de todas as cuestións descritas na programación. Terá lugar ao remate de cada trimestre.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Tralo remate de cada trimestre, revisarase a presente Programación. Nesta revisión, se terán en conta os seguintes puntos:

- Reunións trimestrais do equipo docente de coordinación de ciclo
- No relativo ás Unidades Didácticas, data de inicio e fin. Número de sesión previstas e as finalmente realizadas.
- Grao de cumprimento xeral da programación
- Propostas xerais de mellora e outras observacións

As modificacións da programación quedarán reflectidas na memoria, que se realizará a final de curso e servirá como proposta de mellora para o próximo curso.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36006407	CEIP Plurilingüe Froebel	Pontevedra	2022/2023

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Música e danza	1º Pri.	1	35

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	4
4.1. Concrecións metodolóxicas	12
4.2. Materiais e recursos didácticos	13
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	13
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	13
6. Medidas de atención á diversidade	15
7.1. Concreción dos elementos transversais	15
7.2. Actividades complementarias	16
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	16
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	17
9. Outros apartados	17

1. Introducción

A presente PD (Programación Didáctica) está enmarcada no "Decreto 155/2022 polo que se establece a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia" e o seu obxectivo é desenvolver e adaptar á realidade deste centro os preceptos neste recollidos.

Nese senso, neste apartado esta programación remítese en primeira instancia ao reflectido na propia Introducción do Decreto na área e materia de Música e Danza, a cal, como se pode comprobar organizábase arredor de dous eixes respectivamente:

- percepción e análise
- creación e interpretación

Cada unha das 6 UD (Unidades Didácticas) que conforman esta PD está concibida para inculcarlle o alumnado a importancia de que o relevante non é o bonito ou feo que sexa o traballo realizado ou o seu valor artístico, senón que este sexa quen de adquirir técnicas e procedementos acordes á súa idade. A tal fin, a capacidade perceptiva, a observación, a habilidade manual e motriz e a sensibilidade ante calquera manifestación musical ou da danza debe ser potenciada. Daremos especial importancia a dotar dunhas técnicas axeitadas para que o alumnado saiba expresarse mediante a música e o corpo como outros medios de expresión e comunicación.

Esta PD pretende, ademais, facilitar ó alumnado ferramentas para a súa resiliencia; e que mellor que facelo a través do dito: "quen canta os seus males espanta".

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Descubrir propostas artísticas musicais e dancísticas de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa, para desenvolver a curiosidade, a sensibilidade, o pensamento crítico e o respecto pola diversidade.		3	1	1	3	1	2	1-2
OBX2 - Recoñecer os elementos básicos específicos da linguaxe musical, a través da percepción e da análise de diferentes fragmentos e obras, para chegar á comprensión das diferentes manifestacións culturais e artísticas.								2-4
OBX3 - Investigar acerca de diferentes manifestacións culturais e artísticas musicais e dancísticas e os seus contextos, empregando diversas canles, medios e técnicas, para gozar delas, entender o seu valor, así como desenvolver o pensamento e unha sensibilidade artística propia.	3	3	2	1	4	3		1-2
OBX4 - Expresar e comunicar de maneira creativa ideas, sentimentos e emocións, experimentando coas posibilidades do son, do corpo e dos medios dixitais, para producir obras propias.	1			2	1-5	2	1	3-4

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX5 - Participar do deseño, elaboración e difusión de producións culturais e artísticas musicais e dancísticas, tanto individuais como colaborativas, poñendo en valor o proceso e asumindo diferentes roles na consecución dun resultado final, para desenvolver a creatividade, a noción de autoría e o sentido de pertenza.	1-5	3	3			2	1-3	3-4

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Reconectando	Iniciación aos elementos da linguaxe musical utilizando cancións e acompañamento rítmico, interpretación instrumental.	15	6	X		
2	Orquestrando a vida	Coñecemento de instrumentos, aplicacións e composición musical, interpretación musical	15	6	X		
3	Emocionarte	Emocións e audición musical, contaminación acústica, calidades do son.	20	6		X	
4	Músicas do Mundo	Audición, Interpretación con percusión corporal, compositores/as de diferentes lugares, profesións relacionadas coa música.	20	6		X	
5	Ábrese o telón!	Percusión corporal e voz, o corpo como instrumento, expresión corporal, as artes escénicas.	15	6			X
6	Danza e baila	Coñecemento de danzas e bailes doutros lugares. Expresión corporal	15	5			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Reconectando	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Producir obras propias de maneira guiada, utilizando algunhas das posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e os medios dixitais básicos, con curiosidade, interese e gozo e mostrando confianza nas capacidades propias.	Produce obras con confianza	TI	100
CA2.2 - Expresar de forma guiada ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións musicais sinxelas, experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance.	Exprésase a través da música		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Iniciarse na utilización dos elementos fundamentais da linguaxe musical para interpretar propostas musicais básicas vocais e instrumentais a través da vivencia destes.	Emprega a linguaxe musical na interpretación de obras		
CA2.4 - Participar de maneira guiada no deseño de producións musicais elementais, traballando de forma colaborativa a través dun enfoque coeducativo baseado na igualdade e no respecto á diversidade.	Participa de maneira activa		
CA2.5 - omar parte no proceso cooperativo de creación de producións culturais e artísticas, utilizando elementos básicos da linguaxe musical.	Utiliza elementos básicos da linguaxe musical		
CA2.6 - Compartir as experiencias creativas musicais, gozando e explicando o proceso e o resultado final obtido.	Explica as experiencias vividas		
CA2.7 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Respecta as normas e ao resto de persoas da clase		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Práctica instrumental, vocal e corporal: aproximación á experimentación, exploración creativa e lúdica e interpretación a partir das súas posibilidades sonoras e expresivas. - Construción asistida de obxectos sonoros e instrumentos sinxelos con materiais da contorna, especialmente de reciclaxe, e exploración das súas posibilidades sonoras. - Linguaxes musicais básicas: iniciación no seu coñecemento e aplicación dos seus conceptos elementais na interpretación de propostas musicais básicas vocais e instrumentais. - Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións musicais. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable durante a creación e a práctica musical.

UD	Título da UD	Duración
2	Orquestrando a vida	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Iniciarse na utilización dos elementos fundamentais da linguaxe musical para interpretar propostas musicais básicas vocais e instrumentais a través da vivencia destes.	Coñece os elementos básicos da linguaxe musical.	PE	30
CA2.1 - Producir obras propias de maneira guiada, utilizando algunhas das posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e os medios dixitais básicos, con curiosidade, interese e gozo e mostrando confianza nas capacidades propias.	Produce obras individuais ou en grupo utilizando o corpo e os instrumentos	TI	70
CA2.2 - Expresar de forma guiada ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións musicais sinxelas, experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance.	Exprésase utilizando diferentes linguaxes e instrumentos.		
CA2.4 - Participar de maneira guiada no deseño de producións musicais elementais, traballando de forma colaborativa a través dun enfoque coeducativo baseado na igualdade e no respecto á diversidade.	Traballa de xeito colaborativo		
CA2.5 - omar parte no proceso cooperativo de creación de producións culturais e artísticas, utilizando elementos básicos da linguaxe musical.	Participa de maneira activa na creación de producións culturais e artísticas utilizando a linguaxe musical		
CA2.6 - Compartir as experiencias creativas musicais, gozando e explicando o proceso e o resultado final obtido.	É quen de explicar o proceso e o resultado final obtido nunha creación musical		
CA2.7 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Respecta ao resto de persoas e acata as normas básicas de convivencia		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Práctica instrumental, vocal e corporal: aproximación á experimentación, exploración creativa e lúdica e interpretación a partir das súas posibilidades sonoras e expresivas. - Construción asistida de obxectos sonoros e instrumentos sinxelos con materiais da contorna, especialmente de reciclaxe, e exploración das súas posibilidades sonoras. - Linguaxes musicais básicas: iniciación no seu coñecemento e aplicación dos seus conceptos elementais na interpretación de propostas musicais básicas vocais e instrumentais. - Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións musicais. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable durante a creación e a práctica musical.

UD	Título da UD	Duración
3	Emocionarte	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Iniciarse no recoñecemento visual e auditivo e na clasificación e descrición de elementos fundamentais da música e da linguaxe musical.	Utiliza e coñece a linguaxe musical básica	PE	30
CA1.1 - Descubrir propostas artísticas musicais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade e respecto por estas.	Coñece as principais características das obras propostas	TI	70
CA1.2 - Describir elementos de manifestacións culturais e artísticas musicais seleccionadas, comezando por aquelas máis próximas, explorando as súas características e iniciándose no emprego do vocabulario específico básico destas.	Utiliza vocabulario específico para describir obras musicais		
CA1.4 - Desenvolver e aplicar a capacidade de procura guiada de información sobre manifestacións culturais e artísticas musicais, de maneira básica e guiada, a través de canles e medios de acceso sinxelos, de forma individual e colaborativa.	Procura información sobre temáticas propostas		
CA1.5 - Iniciarse na identificación do significado de distintas manifestacións culturais e artísticas musicais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, compartindo sensacións, indicando as canles, medios e técnicas empregados e identificando diferenzas e similitudes.	Coñece obras que conforman o patrimonio musical		
CA1.6 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas musicais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Respecta ao resto de personas e acata as normas básicas de convivencia		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias básicas de recepción activa. - O son e as súas calidades básicas: discriminación auditiva, clasificación e representación básicas de diversidade de sons e liñas melódicas breves e sinxelas a través de diferentes grafas non convencionais, e iniciación gradual nas convencionais. - A voz e os instrumentos musicais: estratexias de discriminación visual e auditiva básica de instrumentos, familias e agrupacións. Obxectos sonoros e instrumentos caseiros presentes na contorna do alumnado. - O tempo e o carácter: recoñecemento de mostras básicas e contrastantes e iniciación á súa capacidade de relación. - O pulso e o acento como núcleo esencial do ritmo. O compás binario. - Propostas musicais de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais. Respecto e valoración destas desde unha perspectiva de xénero. - Vocabulario específico básico de música. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a audición.

UD	Título da UD	Duración
4	Músicas do Mundo	6

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Iniciarase no recoñecemento visual e auditivo e na clasificación e descrición de elementos fundamentais da música e da linguaxe musical.	Utiliza e coñece a linguaxe musical básica	PE	30
CA1.1 - Descubrir propostas artísticas musicais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade e respecto por estas.	Coñece as principais características das obras propostas	TI	70
CA1.2 - Describir elementos de manifestacións culturais e artísticas musicais seleccionadas, comezando por aquelas máis próximas, explorando as súas características e iniciándose no emprego do vocabulario específico básico destas.	Utiliza vocabulario específico para describir obras musicais		
CA1.4 - Desenvolver e aplicar a capacidade de procura guiada de información sobre manifestacións culturais e artísticas musicais, de maneira básica e guiada, a través de canles e medios de acceso sinxelos, de forma individual e colaborativa.	Procura información sobre temáticas propostas		
CA1.5 - Iniciarase na identificación do significado de distintas manifestacións culturais e artísticas musicais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, compartindo sensacións, indicando as canles, medios e técnicas empregados e identificando diferenzas e similitudes.	Coñece obras que conforman o patrimonio musical		
CA1.6 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas musicais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Respecta ao resto de personas e acata as normas básicas de convivencia		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias básicas de recepción activa. - O son e as súas calidades básicas: discriminación auditiva, clasificación e representación básicas de diversidade de sons e liñas melódicas breves e sinxelas a través de diferentes grafas non convencionais, e iniciación gradual nas convencionais. - A voz e os instrumentos musicais: estratexias de discriminación visual e auditiva básica de instrumentos, familias e agrupacións. Obxectos sonoros e instrumentos caseiros presentes na contorna do alumnado. - O tempo e o carácter: recoñecemento de mostras básicas e contrastantes e iniciación á súa capacidade de relación. - O pulso e o acento como núcleo esencial do ritmo. O compás binario. - Propostas musicais de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais. Respecto e valoración destas desde unha perspectiva de xénero. - Vocabulario específico básico de música.

Contidos
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a audición.

UD	Título da UD	Duración
5	Ábrese o telón!	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Iniciarse na utilización dos elementos fundamentais da linguaxe musical para interpretar propostas musicais básicas vocais e instrumentais a través da vivencia destes.	Utiliza os elementos básicos da linguaxe musical para a interpretación vocal e instrumental	TI	100
CA3.1 - Descubrir propostas artísticas escénicas e performativas de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por estas.	Comprende os xéneros escénicos; ópera, ballet, teatro...		
CA3.2 - Describir elementos de manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas seleccionadas, comezando por aquelas máis próximas, explorando as súas características e iniciándose no emprego do vocabulario específico básico destas.	Analiza elementos das manifestacións culturais e artísticas		
CA3.3 - Desenvolver e aplicar a capacidade de procura de información sobre manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas, de maneira básica e guiada, a través de canles e medios de acceso sinxelos, de forma individual e colaborativa.	Procura información de maneira guiada		
CA3.4 - Iniciarse na identificación do significado de distintas manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas que forman parte do patrimonio de diversas contornas, compartindo sensacións, indicando as canles, medios e técnicas empregados e identificando diferenzas e similitudes.	Recoñece as principais manifestacións culturais do patrimonio		
CA3.5 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Respecta ó resto de personas e acata as normas de convivencia		
CA4.1 - Producir obras propias de maneira guiada, utilizando algunhas das posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e diferentes ferramentas de expresión artística, incluídos os medios dixitais básicos, con curiosidade, interese e gozo e mostrando confianza nas capacidades propias.	Produce obras expresivas utilizando diferentes ferramentas		
CA4.2 - Expresar de forma guiada ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións artísticas escénicas e performativas sinxelas, experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance.	Coñece as diferentes linguaxes e instrumentos e os utiliza para expresarse.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.6 - Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión das ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Respecta as creacións artísticas mostrando unha actitude positiva		
CA4.5 - Compartir as experiencias creativas, gozando e explicando o proceso e o resultado final obtido.	É quen de explicar o proceso e o resultado dunha experiencia artística		
CA4.4 - Tomar parte no proceso cooperativo de creación de producións culturais e artísticas escénicas e performativas, utilizando elementos básicos da expresión corporal.	Participa de forma activa nas actividades propostas		
CA4.3 - Participar de maneira guiada no deseño de producións escénicas e performativas elementais, traballando de forma colaborativa a través dun enfoque coeducativo baseado na igualdade e no respecto á diversidade.	Respecta ó resto de personas e acata as normas de convivencia		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Práctica instrumental, vocal e corporal: aproximación á experimentación, exploración creativa e lúdica e interpretación a partir das súas posibilidades sonoras e expresivas. - Estratexias básicas de recepción activa. - Manifestacións elementais vinculadas á expresión corporal e ás artes escénicas e performativas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais. Respecto e valoración destas desde - Vocabulario específico básico das artes escénicas e performativas. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante - O corpo e as súas posibilidades motrices: interese na experimentación e exploración a través de execucións individuais e grupais sinxelas vinculadas co movemento, coa danza, coa dramatización e coa representación teatral como medio de expresión e diversión - Técnicas dramáticas e dancísticas elementais. - Capacidades expresivas e creativas básicas da expresión corporal e dramática. - Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións escénicas e performativas. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática.

UD	Título da UD	Duración
6	Danza e baila	5

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Descubrir propostas artísticas escénicas e performativas de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por estas.	Comprende os xéneros escénicos; ópera, ballet, teatro...		
CA3.2 - Describir elementos de manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas seleccionadas, comezando por aquelas máis próximas, explorando as súas características e iniciándose no emprego do vocabulario específico básico destas.	Analiza elementos das manifestacións culturais e artísticas.		
CA3.3 - Desenvolver e aplicar a capacidade de procura de información sobre manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas, de maneira básica e guiada, a través de canles e medios de acceso sinxelos, de forma individual e colaborativa.	Procura información de maneira guiada		
CA3.4 - Iniciarse na identificación do significado de distintas manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas que forman parte do patrimonio de diversas contornas, compartindo sensacións, indicando as canles, medios e técnicas empregados e identificando diferenzas e similitudes.	Recoñece as principais manifestacións culturais do patrimonio		
CA3.5 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Respecta ó resto de personas e acata as normas de convivencia		
CA4.1 - Producir obras propias de maneira guiada, utilizando algunhas das posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e diferentes ferramentas de expresión artística, incluídos os medios dixitais básicos, con curiosidade, interese e gozo e mostrando confianza nas capacidades propias.	Produce obras expresivas utilizando diferentes ferramentas	TI	100
CA4.4 - Tomar parte no proceso cooperativo de creación de producións culturais e artísticas escénicas e performativas, utilizando elementos básicos da expresión corporal.	Respecta as reaccións artísticas mostrando unha actitude positiva		
CA4.6 - Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión das ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Respecta ó resto de personas e acata as normas de convivencia		
CA4.3 - Participar de maneira guiada no deseño de producións escénicas e performativas elementais, traballando de forma colaborativa a través dun enfoque coeducativo baseado na igualdade e no respecto á diversidade.	Participa de forma activa nas actividades propostas		
CA4.2 - Expresar de forma guiada ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións artísticas escénicas e performativas sinxelas, experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance.	Coñece as diferentes linguaxes e instrumentos e os utiliza para expresarse.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.5 - Compartir as experiencias creativas, gozando e explicando o proceso e o resultado final obtido.	É quen de explicar o proceso e resultado artístico resultado dunha experiencia		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias básicas de recepción activa. - Manifestacións elementais vinculadas á expresión corporal e ás artes escénicas e performativas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais. Respecto e valoración destas desde - Vocabulario específico básico das artes escénicas e performativas. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante - O corpo e as súas posibilidades motrices: interese na experimentación e exploración a través de execucións individuais e grupais sinxelas vinculadas co movemento, coa danza, coa dramatización e coa representación teatral como medio de expresión e diversión - Técnicas dramáticas e dancísticas elementais. - Capacidades expresivas e creativas básicas da expresión corporal e dramática. - Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións escénicas e performativas. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática.

4.1. Concrecións metodolóxicas

No tocante ao aspecto metodolóxico, a presente PD remítese en primeira instancia ás liñas de actuación reflectidas no currículo, as cales se levarán ao longo das diferentes sesións da materia.

As diferentes UD permitirán, no seu conxunto, o traballo da totalidade dos contidos do currículo, así como dos elementos transversais, dos obxectivos da etapa e están pensadas para a consecución do logro de cada un dos criterios de avaliación (CA) establecidos, ou, alomenos, os mínimos de consecución correspondentes, así como para a progresiva adquisición das competencias clave correspondentes de cara ao perfil de saída do alumnado ao remate da educación primaria.

En cada unha das sesións, e con independencia do traballo específico a tratar nelas, o establecemento dunha rutina en cada unha delas permitirá desenvolver e brindarlle ao alumnado:

- Automatización nalgúnhas cuestións a tratar ao longo do ciclo, axudando a aportar seguridade e confianza en si mesmo.
- Consecuentemente, fomento dun maior impacto no logro dos descritores a acadar, redundando, ademais, nun maior goce das actividades, especialmente naquelas que conlevan o emprego de aspectos específicos das linguaxes relacionadas coa materia.
- Aclimatación dende o comezo da sesión como enfoque preparatorio para esta, a través da relaxación, atención e concentración, logrando, paralelamente, o emprego do silencio e da recepción activa, tan necesario para calquera das actividades a realizar na sesión.

A tal fin, esta rutina adicará, alomenos, uns minutos (entre 5 e 10), especialmente ao inicio de cada sesión, a traballar

o seguinte, e, de xeito xeral, por esta orde e de pé:

- consciencia e colocación da postura corporal
- respiración profunda e consciente, traballando cara o final a columna de aire para o canto e a fruta doce
- notas, longas ao comezo, axudadas con fononimia
- fórmulas rítmicas de pregunta e resposta (4 pulsos con carácter xeral) co corpófono e/ou coa voz
- dixitación das notas traballadas na fruta

Dada a casuística da materia no tocante á cantidade de sesións desta -1 sesión semanal- o número total destas por curso adoita ser unhas 35.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Encerado Dixital, carpeta de música, palillos chinos, estoxo

Este centro ten un gran problema de espazo, xa que non hai aula destinada a música. A docencia impártese nas aulas ordinarias, con mesas e cadeiras, o que fai moi complicado a danza, a expresión corporal e a interpretación con instrumentos PAI e PAD. Os instrumentos atópanse por diferentes armarios no colexio.

Todas as aulas posúen ordenador e proxector.

O ordenador de aula conta con software libre, LibreOffice entre outros, empregando os altosfalantes, que están en bo estado, para a reprodución auditiva.

O alumnado deberá ter, traer e facerse responsable do seu material e a limpeza deste (palillos chineses, cartafol, fichas entregadas pola profesora e estoxo).

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Revisados os informes individualizados do noso alumnado, levarase a cabo unha proba co fin de coñecer o punto de partida real deste curso; de especial interese é a información deste ampliada por parte das persoas titoras do curso anterior ao ser posible unha reunión presencial con estas dado que continúan no equipo docente do centro.

Esta avaliación inicial levarase a cabo na 1ª e/ou 2ª sesión/s, para poder establecer uns criterios claros do nivel mínimo da clase en xeral, e de cada alumna/o en particular. Neste eido cómpre ter en conta:

- alumnado do centro, do cal a persoa docente desta materia é máis coñecedora ao formar parte do equipo docente o curso anterior
- alumnado de nova incorporación, do cal só hai referencias previas dos informes individualizados

Dita proba consistirá de:

- unha execución guiada dunha selección específica de xogos/exercicios/cancións/fragmentos que traballen os aspectos vocal, corporal e motriz e cuxa observación directa será reflectida nun rexistro.
- unha ficha escrita para comprobar o coñecemento, fundamentalmente, de elementos da linguaxe musical dos cursos anteriores.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	15	15	20	20	15	15	100
Proba escrita	0	30	30	30	0	0	16
Táboa de indicadores	100	70	70	70	100	100	84

Criterios de cualificación:

A meirande parte dos CA da presente PD serán avaliados por medio dunha táboa de indicadores, da cal se levará un rexistro cunhas escalas de valoración/rúbrica, pois un grande número delas son de observación.

Probas ou traballos (50%)

Exame escrito ou interpretación/proba oral dos diferentes aspectos que se traballen na aula: ritmo, melodía, cancións, teoría... Valorarase numericamente de 0 a 10.

Traballo diario (Supón un 30 %)

Realización das tarefas propostas a diario: execución adecuada dos exercicios, destreza e seguridade na interperitación vocal/ instrumental...

Fichas: valórase a presentación, corrección de exercicios, realización de ditados musicais

Realización de traballos en grupo ou individualmente

A puntuación obtida indícarase numericamente de 0 a 10.

Actitude e interese (supón un 10 %)

Mídese con positivos e negativos. Participación na aula, atención, interese...

Faltas de material (supón un 10%)

Máis de tres faltas de material nun trimestre supón un 0 neste apartado

Criterios de recuperación:

Aquel alumnado que non tivese acadado os mínimos de consecución de cada CA ó final de cada UD poderá recuperalos ao final de curso. Isto tería lugar cara a segunda semana de xuño. Neste centro, de ser este o caso, o procedemento será o seguinte:

-Comunicación disto á familia (e paralelamente á persoa docente titora mediante correo electrónico) a través da axenda do alumnado e/ou do Abalar. Nesta especificarase aquel/es mínimo/s de consecución que se precisa/n acadar, o que corresponda para tal fin (e sempre en concordancia co instrumento de avaliación correspondente reflectido na presente PD: p. ex. repetición dun traballo e/ou parte deste e/ou dunha interpretación instrumental, etc.).

-Ademais, de especial importancia e interese resultará trasladar esta información ao alumnado: isto farase de xeito individual e entregándolle unha folla que recollerá o que precisa realizar para acadar ese/s mínimo/s de consecución, explicándolle isto verbalmente e resolvéndolle as posibles dúbidas ao respecto.

Se este/s mínimo/s de consecución non fose/n acadado/s trimestralmente isto poderá ser recuperado de cara á avaliación final. De ser así cómpre diferenciar entre dous aspectos:

-Se se trata de algo máis ben específico (por ex.: un traballo a entregar) seguirá o mesmo procedemento referido anteriormente e terá lugar durante a primeira quincena de xuño.

-Se se trata dun aspecto de adquisición meramente progresivo (por ex.: coñecementos de linguaxe musical ou cuestións técnicas interpretativas) que non foi quen de superar anteriormente pero si no último trimestre darase isto por superado.

6. Medidas de atención á diversidade

Non todo o alumnado aprende da mesma forma e ao mesmo ritmo; por iso realizaranse actividades a distinto nivel:

- Actividades programadas para todo o grupo.
- Actividades de reforzo para o alumnado cun ritmo lento e baixa comprensión.
- Actividades de ampliación para alumnado cunha aprendizaxe máis rápida.
- Xogos/Actividades adicionais para aquel alumnado que remate antes as tarefas individuais/grupais da clase.

Porase énfase na detección temperá do alumnado que requira unha atención educativa diferente á ordinaria. Así, tan rápido como se detecten dificultades específicas de aprendizaxe farase un reforzo educativo coa finalidade de que este adquira os coñecementos necesarios para continuar o proceso educativo.

No caso de alumnado que permaneza un ano máis no mesmo curso seguiranse as indicacións establecidas no artigo 50 da ORDE do 8 de setembro de 2021 (de atención á diversidade) en relación ao preceptivo plan específico de reforzo, que ten como obxectivo atender e superar as dificultades que levaron a esa repetición.

Tamén se farán adaptacións curriculares significativas para aquel alumnado que presente necesidades educativas especiais onde se reducen e simplifican actividades mostrando a forma máis sinxela de facelas.

No caso de alumnado con altas capacidades ampliaranse os seus coñecementos debido á súa rápida aprendizaxe.

Alumnado inmigrante con descoñecemento da lingua, tanto de incorporación ao inicio como ao longo do curso: solicitarase levar a cabo a valoración polo Departamento de Orientación para determinar o nivel curricular. Establecerase Reforzo Educativo, para o cal non se precisa necesariamente intervención do DO; traballarase máis na comunicación a través de imaxes e no aspecto da recepción e na vivencia musical e da danza, de xeito que se faga fincapé na integración e inclusión deste tipo de alumnado co resto da clase.

Dependendo da casuística do alumnado cómpre ter en conta diferentes consideracións á hora de traballar, tales como: emprego de grafías de maior tamaño; priorización dalgunha das linguaxes e/ou formas de comunicación: oral, escrita, visual e/ou táctil; énfase no aspecto de índole globalizador, coordinación motriz, lateralidade e/ou psicomotricidade fina, etc.

Con alumnado con deficiencias auditivas cómpre diferenciar entre aquel hipoacústico, co que o obxecto principal é desenvolver a audición no marco da linguaxe, interpretando cancións e exercicios de discriminación auditiva, e o anacúsico, co que o obxectivo principal é estimular a lectura de beizos e axudarlles na súa toma de conciencia sobre as vibracións que o rodean, para o que se lle axudará, sobre todo, cos sentidos da vista e do tacto.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual					X	X
ET.4 - Competencia dixital	X		X			
ET.5 - Fomento da creatividade, espírito científico e do emprendemento	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Igualdade entre homes e mulleres	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.7 - Educación para a paz e prevención e resolución pacífica de conflitos	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible		X				
ET.9 - Educación para a saúde	X	X	X	X	X	X

Observacións:

O elemento transversal 7 traballárase, de xeito especial, a través da conmemoración do Día da Paz e non Violencia.

O elemento transversal 8 traballárase ao abeiro do B2 no 1º trim. e a través da construción asistida de obxectos sonoros e instrumentos sinxelos con materiais da contorna e de reciclaxe.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición
Concertos didácticos	Acudirase a diferentes concertos musicais en auditorios con orquestras e músicos profesionais.
Obras de teatro	Asistirase a obras de teatro.
Espectáculos de maxia	Acudirase a espectáculos de maxia fóra ou no interior do centro. Actividades con magos...
Obradoiros musicais	Participación en obradoiros vocais, de percusión, danza...

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Realizouse unha enquisa ao alumnado sobre a práctica docente.
Adecuouse o deseño das UD ás características e necesidades do alumnado.
Aportouse información ao persoal docente titor.
Funcionalidade da PD: revisouse ao longo do curso e foi práctica e útil para acadar os obxectivos propostos.
Cumpríuse a temporalización inicialmente establecida.
A persoa docente empregou as metodoloxías reflectidas na PD
Usáronse distintos instrumentos de avaliación.
Leváronse a cabo as medidas de atención á diversidade e foron efectivas.

Máis do 90% do alumnado superou a materia.
Consegiuse a participación activa de todo o alumnado
Apoiouse a implicación das familias no traballo do alumnado.

Descrición:

De cara a reflectir a comunicación realizada da información ao persoal titor será suficiente con que este último así o faga constar nas correspondentes actas de ciclo e/ou en cada unha das actas posteriores á Xunta de Avaliación trimestral; neste centro a comunicación da información será, polo xeral, a través dunha pequena xuntanza, podendo ampliarse esta a través de comunicación electrónica.

Na funcionalidade da PD tamén se incluírán observacións das posibles necesidades e/ou propostas de cambio, reflectindo, especialmente, e, entre outros puntos, se o número de sesións se adecúan e se estas son suficientes, de cara á elaboración de seguintes PD.

Ao mesmo tempo, o referido seguimento desta funcionalidade da PD, así como cumprimento da temporalización, o emprego das diferentes metodoloxías e instrumentos de avaliación e as medidas de atención á diversidade faranse a través do propio PROENS, pois estas veñen eiqúí recollidas.

Para medir a consecución da participación activa de todo o alumnado e o apoio de implicación das familias no traballo do alumnado reflectírase o índice destes no rexistro diario de aula.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Tralo remate de cada trimestre revisarase a PD. Dita revisión terá en conta os seguintes puntos:

1. Seguimento da PD no apartado correspondente do PROENS:

- Reunións trimestrais do equipo docente da coordinación de ciclo.
- No tocante ás UD: data de inicio e final, número de sesións previstas e realizadas.
- Grao de cumprimento da PD con carácter xeral dos indicadores de logro desta.
- Propostas xerais de mellora e outras observacións.

2. Análise da situación no tocante ás dificultades atopadas no alumnado:

Se os resultados fosen positivos continuarase na mesma liña de traballo.

Se os resultados fosen negativos levaranse a cabo propostas de mellora.

Accións de mellora:

- Ofrécese ao alumnado as explicacións individualizadas.
- Elaboración de actividades atendendo ás dificultades mostradas.
- Probas de avaliación de distinta dificultade.
- Comentar co alumnado os fallos máis significativos dos traballos realizados.

En función do anterior:

- Revisión das necesidades de atención educativa (apoio, reforzo, ACS, etc.)

3. Actividades complementarias (realizadas ou non).

Na memoria final será incluída a información da avaliación da materia.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36006407	CEIP Plurilingüe Froebel	Pontevedra	2022/2023

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Proxecto competencial	1º Pri.	1	35

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	4
4.1. Concrecións metodolóxicas	7
4.2. Materiais e recursos didácticos	7
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	8
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	8
6. Medidas de atención á diversidade	8
7.1. Concreción dos elementos transversais	9
7.2. Actividades complementarias	9
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	9
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	10
9. Outros apartados	10

1. Introducción

Esta programación didáctica está pensada para ser levada a cabo dende a materia do Proxecto Competencial, nun centro público de educación infantil e primaria, situado na área urbana de Pontevedra. Este centro é de liña un en educación infantil, primeiro, segundo e cuarto de educación primaria. Por outra banda, é de liña dous nos restantes cursos: terceiro, quinto e sexto de primaria.

O alumnado para o cal se elabora a presente programación atópase no primeiro curso da etapa de primaria. Todos eles son nados no ano 2016, polo que contan a maioría con 6 anos de idade. O grupo está conformado por un total de 25 nenos e nenas, en concreto, 12 nenas e 13 nenos.

A materia do proxecto competencial ten como obxectivo que o alumnado elabore un proxecto, que constitúa un servizo á comunidade e que incorpore na súa realización todos os contidos que se desenvolven no currículo. Así, convértese nun traballo de carácter interdisciplinar co que se poñen de manifesto as competencias clave.

O principal obxectivo que ten este proxecto é o fomento dun estilo de vida saudable mediante a promoción do consumo regular de froita e verdura. Este tema foi escollido de maneira intencionada, tendo en conta o tema a traballar no presente curso escolar no centro, que ten que ver precisamente coa saúde.

O alumnado de primeiro levará a cabo a realización dun proxecto sobre froitas e verduras denominado A aventura dos cinco. Este proxecto está conformado por un total de 3 unidades didácticas. A primeira delas está pensada para ser levada a cabo no primeiro trimestre; a segunda no segundo trimestre e a terceira, no derradeiro trimestre do curso.

Na primeira unidade didáctica, o alumnado debe adquirir as competencias para a realización do produto final, que será un servizo para a comunidade. O alumnado primeiramente debe acostumarse a traballar en grupo, apoiarse e chegar a acordos. Asemesmo, nesta primeira unidade, aprenderán a realizar investigación e a recoller información e datos.

Na segunda unidade didáctica, o alumnado levará a cabo o produto que ten como fin a realización do proxecto. Todo isto, tras a obtención da información necesaria. Este produto é un xogo de mesa, para o que que tendrán que idear unha dinámica de xogo, así como unha maqueta física do taboleiro e pezas para xogar.

Na terceira e derradeira unidade didáctica, os esforzos estarán dirixidos á comunicación do proxecto realizado, para o que se plantexa que os alumnos poñan en práctica presentacións en público e o uso da radio escolar.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Concretar un plan de traballo para a realización dun proxecto ou a resolución dun problema a través da definición de obxectivos e das accións para acadalos, tendo en conta as necesidades da contorna.	1			1	1-5	3	1-2-3	
OBX2 - Desenvolver o proxecto segundo a planificación prevista mobilizando conxuntamente as competencias transversais que se requiran.	1-3		5	3	1-3	2	3	

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX3 - Presentar os resultados asociados ao proxecto competencial empregando dun xeito respectuoso estratexias e ferramentas de comunicación adecuadas cunha linguaxe verbal e corporal positiva, control das emocións negativas e, de ser o caso, co uso de recursos informáticos e audiovisuais.	1-5	3	3	2-3	1-3			3-4

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
